



PANORAMA ECONÓMICO

1.1.

Contexto económico xeral

1.2.

Cadro macroeconómico de Galicia

1.3.

Marco orzamentario

1.4.

Evolución demográfica

1.5.

Proceso de converxencia

1.1.

Contexto económico xeral

Ao longo do ano 2011 a economía mundial rexistrou fortes presións que deterioraron as súas perspectivas de crecemento, acadándose un incremento porcentual do Produto Interior Bruto (PIB) mundial do 3,9%. Se ben as previsións partían da consideración dun crecemento débil e vulnerable para o ano 2011 a causa da crise financeira, xurdiron outros factores que incidiron de xeito importante na ralentización da recuperación económica mundial, entre os que salientan as diferenzas de deseño da UEM, o debate en torno á consolidación fiscal nos Estados Unidos, os altos prezos do petróleo consecuencia das perturbacións na oferta, ou as catástrofes naturais en determinadas zoas xeográficas.

A recuperación económica mundial segue a ter diferentes velocidades, aínda que no ano 2011 as economías emerxentes e en desenvolvemento ralentizan o seu crecemento afectadas polos factores negativos derivados, fundamentalmente, da crise da zona euro. Neste senso, o PIB real contraeuse nas economías avanzadas, acadando

unha variación porcentual anual do 1,6%, (3,2% no ano anterior). Os factores que poden explicar a ralentización na recuperación das economías avanzadas son:

- A desconfianza no futuro da UEM consecuencia da crise de débeda soberana e o desplome da confianza e das tensións financeiras da zona euro, contribuíron á contracción da economía da zona.
- As perturbacións relacionadas coas catástrofes naturais sufridas, así como a contracción da demanda mundial, reflectíronse nunha taxa de variación do PIB real xaponés negativa.
- A aceleración moderada da actividade asociada ao consumo nos Estados Unidos.

As economías emerxentes e en desenvolvemento atenuaron o seu vigoroso crecemento, acadando taxas de variación do PIB real do 9,2% e 7,2% en China e India.

Segundo datos do FMI, a economía española rexistrou en 2011 unha taxa de variación interanual do seu PIB real do 0,7%, oito décimas por

riba do exercicio precedente, presentando, non obstante, un comportamento peor que o conxunto da economía da Unión Europea (1,4%). En relación aos datos do exercicio anterior, cómpre salientar que a demanda interna real cae en -1,7 puntos, reflectindo os efectos das políticas de consolidación fiscal.

Panorama económico internacional

Tras rexistrar no ano 2009 a primeira contracción dende a Segunda Guerra Mundial, a economía mundial experimentou unha notable recuperación no ano 2010, con crecemento do PIB real do 5,3%, unha recuperación sen embargo desigual temporal e xeograficamente e acosada por debilidades financeiras e polo desemprego. No ano 2011 as debilidades estruturais e financeiras, fundamentalmente da zona euro, lastraron as perspectivas de crecemento, ralentizándose a recuperación económica mundial ata taxas de incremento interanual do 3,9% do PIB real. Esta evolución da economía mundial baséase nunha evolución máis positiva do inicialmente previsto nas economías avanzadas, fronte a unha desaceleración en función das previsións das economías dos países emerxentes

A recuperación económica mundial fréase polo incremento das tensións na **zona euro**, consecuencia do aumento dos rendementos dos bonos soberanos, polos efectos do proceso de desapalancamento dos bancos, na economía real e polo impacto da consolidación fiscal levada a cabo por importantes países membros.

No que atinxe á evolución da actividade produtiva, segundo datos presentados polo FMI, nos **Estados Unidos**, a taxa de crecemento interanual do PIB real foi do 1,7%, notablemente inferior á do ano anterior onde a taxa de variación foi do 3%, a pesar do mantemento do consumo e investimento privado. O crecemento da economía estadounidense está sustentado en factores internos, cunha inflación do 3,1% e un déficit público por riba do 10% do PIB, pero, xunto co posible efecto contaxio de Europa, estes factores poden supoñer un risco nas perspectivas de crecemento.

A actividade produtiva de **Xapón** experimentou unha recuperación mellor da prevista despois dos trastornos derivados do terremoto de marzo de 2011, así no derradeiro ano a economía xaponesa reduce o seu PIB real nun 0,7% en relación ao ano anterior, no que crecera o 4,4%.

Tal como acontece nos Estados Unidos, o conxunto das economías avanzadas, ou a zona euro, rexistran taxas de crecemento interanuais positivas do seu Produto Interior Bruto real.

Como reflicte o **cadro 1.1.1.**, a demanda interna real total das economías avanzadas expándese un 1,2%, en relación ao ano anterior, consecuencia dun incremento do investimento (2,4%), e do incremento do consumo privado do 1,3%, manténdose inalterado o gasto en consumo público.

O índice de prezos ao consumo medio anual en 2011 nas economías avanzadas incrementouse nun 2,7%, un punto e dúas décimas máis que no ano anterior. Os prezos das materias primas en xeral reducíronse no ano 2011, como consecuencia da menor demanda mundial, non obstante os prezos do petróleo mantéñense altos debido a factores de oferta, relacionados cos riscos xeopolíticos dos países produtores, e isto a pesar da ralentización no crecemento da economía mundial. O ano 2011 rematou cun prezo promedio do petróleo de 104,01\$ barril, e as previsións do FMI do prezo en base aos mercados de futuros é de 114,71\$ para o ano 2012 e de 110\$ en 2013, aínda que as incertidumes políticas poderían provocar unha escalada no prezo do petróleo que lastraría a recuperación mundial na medida en que un aumento do 50% do prezo do petróleo reduce o produto mundial aproximadamente nun 1,25%.

A pesar da desaceleración do crecemento das economías avanzadas, reflectida na evolución do PIB real e do consumo privado e na estabilidade da formación bruta de capital, o nivel de desemprego mantense en taxas superiores ás esperadas en función á evolución en episodios similares, acadando unha taxa de desemprego nas eco-

Economía internacional 2009-11: evolución dos principais indicadores

	2009	2010	2011
	(taxas de variación interanual)		
Produto Interior Bruto real			
Economía mundial	-0,6	5,3	3,9
Economías avanzadas	-3,6	3,2	1,6
EE.UU.	-3,5	3,0	1,7
Xapón	-5,5	4,4	-0,7
Unión Europea			
Zona Euro	-4,3	1,9	1,4
Alemaña	-5,1	3,6	3,1
Francia	-2,6	1,4	1,7
Italia	-5,5	1,8	0,4
España	-3,7	-0,1	0,7
Países emerxentes e en desenvolvemento			
China	9,2	10,4	9,2
India	6,6	10,6	7,2
Demanda interna real total			
Economías avanzadas	-4,0	3,1	1,2
EE.UU.	-4,4	3,4	1,6
Xapón	-4,0	2,7	0,1
Zona Euro	-3,7	1,1	0,5
Alemaña	-2,6	2,4	2,3
Francia	-2,4	1,3	1,7
Italia	-4,4	2,1	-0,9
España	-6,2	-1,0	-1,7
Gasto en consumo privado			
Economías avanzadas	-1,3	2	1,3
EE.UU.	-1,9	2	2,2
Xapón	-0,7	2,6	0,0
Zona Euro	-1,2	0,9	0,2
Alemaña	-0,1	0,6	1,5
Francia	0,2	1,3	0,3
Italia	-1,6	1,2	0,2
España	-4,3	0,8	-0,1
Gasto en consumo público			
Economías avanzadas	2,3	1,2	0
EE.UU.	2,0	0,9	-1,2
Xapón	2,3	2,1	2,1
Zona Euro	2,6	0,5	0,1
Alemaña	3,3	1,7	1,4
Francia	2,3	1,2	0,9
Italia	0,8	-0,6	-0,9
España	3,7	0,2	-2,2
Formación bruta de capital			
Economías avanzadas	-12,3	2,3	2,4
EE.UU.	-15,2	2,0	3,7
Xapón	-10,6	-0,2	0,5
Zona Euro	-12,1	-0,5	1,4
Alemaña	-11,4	5,5	6,4
Francia	-8,9	-1,3	3,0
Italia	-11,7	2,1	-1,9
España	-16,6	-6,3	-5,1

Fonte: Fondo Monetario Internacional (consulta:18-04-2012)

■ 1.1.1.a.

Economía internacional 2009-11: evolución dos principais indicadores (cont.)

	2009	2010	2011
	(taxas de variación interanual)		
IPC (medias anuais)			
Economías avanzadas	0,1	1,5	2,7
EE.UU.	-0,3	1,6	3,1
Xapón	-1,3	-0,7	-0,3
Zona Euro	0,3	1,6	2,7
Alemaña	0,2	1,2	2,5
Francia	0,1	1,7	2,3
Italia	0,8	1,6	2,9
España	-0,2	2,0	3,1
Países emerxentes e en desenvolvemento			
China	-0,7	3,3	5,4
India	10,9	12,0	8,6
Produtividade laboral (1)			
Economías avanzadas	-3,4	7,2	1,9
EE.UU.	0,6	6	2,6
Xapón	-15,5	13,6	-1,2
Zona Euro	-6,2	5	2,2
Tipo de xuro a curto prazo			
EE.UU.	0,9	0,5	0,4
Xapón	0,3	0,2	0,2
Zona Euro	1,2	0,8	1,4
Tipo de xuro a longo prazo			
EE.UU.	3,3	3,2	2,8
Xapón	1,3	1,1	1,1
Zona Euro	3,8	3,6	4,2
Taxa de desemprego			
		(%)	
Economías avanzadas	8,0	8,3	7,9
EE.UU.	9,3	9,6	9,0
Xapón	5,1	5,1	4,5
Zona Euro	9,6	10,1	10,1
Alemaña	7,7	7,1	6,0
Francia	9,5	9,8	9,7
Italia	7,8	8,4	8,4
España	18,0	20,1	21,6

(1) medida coma o cociente entre a remuneración por hora e o custo unitario da man de obra

Fonte: Fondo Monetario Internacional (consulta:18-04-2012)


■ 1.1.1.b.

nomías avanzadas, do 7,9%, taxa que oculta diferenzas fundamentais entre países.


Polo que respecta á Unión Europea-27, a totalidade dos países, salvo Grecia e Portugal, presentan taxas positivas de variación do PIB real, un incremento baseado principalmente na produción industrial e nas exportacións, e amortiguado polas tensións nos mercados financeiros europeos recrudescidas no último trimestre do ano 2011 que contribuíron a unha desaceleración drástica na zona.

Se no ano 2009 o produto xerado polo conxunto dos países da zona euro reducírase un 4,3% res-

pecto ao ano anterior e no 2010 crecera un 1,9%, no 2011 o PIB real da zona euro mantén aínda que amortiguada a senda de crecemento, cunha taxa de variación interanual do 1,4%. Sen embargo, os datos, que mostran unha evolución económica positiva na Unión Europea, esconden desigualdades importantes entre os distintos Estados membros: se ben o crecemento no ano 2011 é común a todos os países, agás Grecia e Portugal, a evolución de cada un deles foi dispar. Neste senso, tal como se mostra no **cadro 1.1.4.**, observamos como, salvo Estonia e Austria, todos os países da zona euro ralentizan o seu crecemento, acadando niveis de variación de PIB en torno ao 3% Finlandia, Alemaña, Austria e Eslo-



■ 1.1.2.



■ 1.1.3.

Indicadores macroeconómicos dos estados membros da UE 2010-2011 e previsións 2012⁽¹⁾

	PIB			Desemprego			Inflación media ⁽²⁾			Déficit Público ⁽³⁾		
	2010	2011	2012	2010	2011	2012	2010	2011	2012	2010	2011	2012
	(%)											
Alemaña	3,7	2,9	0,8	7,1	6,1	5,9	1,4	2,4	1,7	-4,3	-1,3	-1,0
Austria	2,3	2,9	0,9	4,4	4,2	4,5	1,7	3,4	2,2	-4,4	-3,4	-3,1
Bélxica	2,3	2,2	0,9	8,3	7,6	7,7	2,3	3,5	2,0	-4,1	-3,6	-4,6
España	-0,1	0,7	0,7	20,1	20,9	20,9	2,0	3,0	1,1	-9,3	-6,6	-5,9
Finlandia	3,6	3,1	1,4	8,4	7,8	7,7	1,7	3,2	2,6	-2,5	-1,0	-0,7
Francia	1,5	1,6	0,6	9,8	9,8	10,0	1,7	2,2	1,5	-7,1	-5,8	-5,3
Grecia	-3,5	-5,5	-2,8	12,6	16,6	18,4	4,7	3,0	0,8	-10,6	-8,9	-7,0
Holanda	1,7	1,8	0,5	4,5	4,5	4,7	0,9	2,5	1,9	-5,1	-4,3	-3,1
Irlanda	-0,4	1,1	1,1	11,7	14,4	14,3	-1,6	1,1	0,7	-31,3	-10,3	-8,6
Italia	1,5	0,5	0,1	8,4	8,1	8,2	1,6	2,7	2,0	-4,6	-4,0	-2,3
Luxemburgo	2,7	1,6	1,0	4,6	4,5	4,8	2,8	3,6	2,1	-1,1	-0,6	-1,1
Portugal	1,4	-1,9	-3,0	12,0	12,6	13,6	1,4	3,5	3,0	-10,1	-9,8	-4,5
Chipre	1,1	0,3	0,0	6,2	7,2	7,5	2,6	3,4	2,8	-5,3	-6,7	-4,9
Eslovaquia	4,2	2,9	1,1	14,4	13,2	13,2	0,7	4,0	1,7	-7,7	-5,8	-4,9
Eslovenia	1,4	1,1	1,0	7,3	8,2	8,4	2,1	1,9	1,3	-5,8	-5,7	-5,3
Estonia	2,3	8,0	3,2	16,9	12,5	11,2	2,7	5,2	3,3	0,2	0,8	-1,8
Malta	2,7	2,1	1,3	6,9	6,7	6,8	2,0	2,6	2,2	-3,6	-3,0	-3,5
Zona Euro	1,9	1,5	0,5	10,1	10,0	10,1	1,6	2,6	1,7	-6,2	-4,1	-3,4
Dinamarca	1,7	1,2	1,4	7,4	7,4	7,3	2,2	2,6	1,7	-2,6	-4,0	-4,5
Reino Unido	1,8	0,7	0,6	7,8	7,9	8,6	3,3	4,3	2,9	-11,5	-10,3	-7,8
Suecia	5,6	4,0	1,4	8,4	7,4	7,4	1,9	1,5	1,3	0,2	0,9	0,7
Hungría	1,3	1,4	0,5	11,2	11,2	11,0	4,7	4,0	4,5	-4,2	3,6	-2,8
Letonia	-0,3	4,5	2,5	18,7	16,1	15,0	-1,2	4,2	2,4	-8,3	-4,2	-3,3
Lituania	1,4	6,1	3,4	17,8	15,1	13,3	1,2	4,0	2,7	-7,0	-5,0	-3,0
Polonia	3,9	4,0	2,5	9,6	9,3	9,2	2,7	3,7	2,7	-7,8	-5,6	-4,0
Rep. Checa	2,7	1,8	0,7	7,3	6,8	7,0	1,2	1,8	2,7	-4,8	-4,1	-3,8
Bulgaria	0,2	2,2	2,3	10,2	12,2	12,1	3,0	3,6	3,1	-3,1	-2,5	-1,7
Rumania	-1,9	1,7	2,1	7,3	8,2	7,8	6,1	5,9	3,4	-6,9	-4,9	-3,7
UE-27	2,0	1,6	0,6	9,7	9,7	9,8	2,1	3,0	2,0	-6,6	-4,7	-3,9

(1) os datos de 2011 son estimacións e os de 2012 son previsións

(2) IPC armonizado (2005=100) ou IPC nacional cando o primeiro non está dispoñible

(3) capacidade (+) necesidade (-) de financiamento das AA.PP. en porcentaxe do PIB

Fonte: Comisión Europea

■ 1.1.4.

vaquia, fronte as taxas dos países periféricos, que se sitúan en torno ao 1%.

Na **zona euro** o incremento interanual da demanda interna real é de medio punto, motivado polo estancamento do consumo privado e público (0,2% e 0,1% respectivamente) e pola variación positiva da formación bruta de capital (1,4%). A este respecto cabe salientar que a formación bruta de capital da zona euro pasa dunha taxa de variación interanual do -12,1% no ano 2009 a xa citada do 1,4% no ano 2011.

O desemprego na zona euro, fronte ao descenso no conxunto das economías avanzadas, no 2011, mantense no 10,1%, situándose 2,2 puntos por riba da media do conxunto das economías avanzadas. Por países, a taxa de paro máis elevada


rexistrouse en España, cun 20,9%, e a máis baixa en Austria, cun 4,2%, segundo datos da Comisión Europea (**cadro 1.1.4**).

Panorama económico de España

Ao longo do ano 2011, a leve recuperación da actividade económica vaise debilitando a medida que a crise da débeda soberana na UEM foise estendendo e que as tensións nos mercados financeiros se fortalecen.

Este cambio de tendencia reflíctese na existencia de taxas de variación intertrimestrais negativas no cuarto trimestre do ano 2011, que se recollen no **cadro 1.1.5**. No conxunto do ano 2011, o produto interior bruto (PIB) xerado pola economía española experimentou un aumento,

PIB en Galicia e España 2008-11 (1): evolución



(1) PIBpm, índices de volume encadenados, datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 24-05-2012); Base 2008
 Fonte: INE e IGE

■ 1.1.5.

acadando unha taxa de variación interanual do 0,7%, fronte ao dato de taxa de variación interanual negativa rexistrado no ano 2010 do -0,1%. Os datos trimestrais indican o estancamento na actividade produtiva no conxunto do Estado, con variacións do 0,9% no primeiro e 0,8% no segundo e terceiro trimestre e do 0,3% no último trimestre do ano 2011.

Detrás da evolución do PIB real da economía española atópase a contribución negativa do 1,8% ao crecemento do mesmo por parte da demanda interna, presentando no cuarto trimestre do ano a maior achega negativa, restando 2,9 puntos ao crecemento agregado do PIB. Os efectos negativos sobre o crecemento da demanda interna, que se explican case totalmente pola contribución negativa da inversión en construción (-8,1% en relación ao ano anterior) e polo retroceso do consumo público (-2,2% en relación ao ano anterior), son mitigados pola contribución positiva que, por cuarto ano consecutivo, exerce a demanda externa sobre o crecemento do PIB real, neste senso salienta que a fortaleza da demanda externa aséntase na evolución das exportacións, que no último ano incrementáanse a unha taxa do 9% fronte ao descenso das importacións cunha taxa de variación interanual negativa do 0,1%, afectadas pola contracción do gasto interno.

Os datos trimestrais de importacións e exportacións mostran como o último trimestre do ano reflicte os peores datos, cunha taxa de variación interanual das exportacións do 5,2% a máis reducida dos catro trimestres, e cunha taxa de variación das importacións do -5,9%, a máis negativa do ano.

A formación bruta de capital fixo no conxunto do ano 2011, rexistrou un descenso real do 5,1%, mentres que o ano anterior o fixera nun 6,3%. Como indican os datos recollidos no **cadro 1.1.6.**, esta caída explícase fundamentalmente pola evolución da formación bruta de capital fixo (FBCF) na construción (-8,1%), xa que a FBCF en bens de equipo e activos cultivados presenta taxas de variación positivas (1,4%) aínda

que inferiores ás acadadas no ano anterior (5,1%).

Respecto ao gasto en consumo final, salienta o forte descenso nas taxas de variación interanual tanto do gasto en consumo final dos fogares como das Administracións Públicas, que de taxas de variación interanual positivas do 0,7% e do 0,2% respectivamente, pasan a taxas negativas do -0,1% e do -2,2%. Os datos trimestrais amosan como o gasto en consumo final se sitúa en taxas de variación interanuais negativas partir do segundo trimestre do ano 2011, acadando mínimos no último trimestre do ano co -1,8% de consumo final menos que no mesmo trimestre do ano anterior.

Asemade, cómpre salientar que no ano 2011 a economía española empeora lixeiramente a competitividade fronte á zona euro e á UE-27, mellorando, ao igual que acontecera no ano anterior, a competitividade en termos de custos laborais unitarios, e no índice de competitividade en termos de prezos ao consumo fronte aos países industrializados de Asia (**cadro 1.1.7.**).

Dende o lado da oferta, o valor engadido de todas as ramas produtivas, agás a construción, rexistrou unha evolución positiva no ano 2011, aínda que ralentizando o seu avance na segunda metade do ano

O sector da construción acusa caídas do seu VEB do -3,8%, estas caídas foron máis acusadas no segmento de construción non residencial, reflicindo o efecto sobre a execución da obra civil dos plans de austeridade orzamentaria, mentres que as caídas no segmento de construción civil foron máis moderadas.

O sector servizos modera o seu crecemento ao experimentar no ano 2011 unha taxa de variación interanual do 1,1%, lixeiramente por debaixo da rexistrada no ano anterior, do 1,4%. A posición do conxunto do sector servizos, é consecuencia da evolución positiva das actividades de comercio, transporte e hostalería, así como das actividades profesionais que incre-

PIB en España 2010-11: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2010	2011	2010				2011			
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	0,6	-0,7	0,1	1,4	0,7	0,4	0,4	-0,8	-0,6	-1,8
Gasto en consumo final dos fogares	0,7	-0,1	-0,1	1,5	0,8	0,8	0,4	-0,3	0,5	-1,1
Gasto en consumo final das ISFLSH	2,6	0,1	2,4	3,1	2,7	2,1	0,6	1,1	-0,4	-0,8
Gasto en consumo final das AA.PP.	0,2	-2,2	0,6	1,0	0,2	-0,9	0,6	-2,1	-3,6	-3,6
Formación bruta de capital fixo	-6,3	-5,1	-9,8	-4,3	-5,5	-5,4	-4,9	-5,4	-4,0	-6,2
Activos fixos materias	-6,4	-5,4	-10,0	-4,5	-5,4	-5,4	-5,3	-5,6	-4,3	-6,5
Construcción	-10,1	-8,1	-12,2	-9,4	-9,5	-9,3	-9,2	-8,1	-7,0	-8,2
Bens de equipo e activos cultivados	5,1	1,4	-3,4	11,7	7,3	5,4	5,5	1,0	2,2	-2,7
Activos fixos inmateriais	-4,8	0,0	-5,4	-0,5	-7,8	-5,4	1,5	-3,1	2,0	-0,3
Variación de existencias (2)	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0	0,0	-0,1	-0,1
Demanda interna (2)	-1,0	-1,8	-2,4	0,1	-0,7	-0,9	-0,8	-1,9	-1,4	-2,9
Exportacións de bens e servizos	13,5	9,0	11,9	15,3	11,8	14,9	13,1	8,8	9,2	5,2
Exportacións de bens	13,9	9,5	14,9	16,0	10,8	14,3	17,0	9,6	9,5	2,9
Exportacións de servizos	12,6	7,8	6,5	13,8	13,9	16,4	5,5	7,4	8,2	10,1
Importacións de bens e servizos	8,9	-0,1	6,3	14,5	7,0	8,0	6,0	-1,3	0,9	-5,9
Importacións de bens	11,3	0,6	7,8	17,8	9,6	10,4	8,3	-0,2	1,4	-6,6
Importacións de servizos	1,1	-2,9	1,3	3,9	-1,2	0,4	-1,8	-5,3	-1,0	-3,3
PIB a prezos de mercado	-0,1	0,7	-1,3	0,0	0,4	0,7	0,9	0,8	0,8	0,3
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-1,1	0,6	-1,1	-1,3	-1,5	-0,3	1,1	0,5	0,4	0,3
Industria	0,6	1,9	-1,6	2,3	0,6	1,3	3,0	2,3	2,8	-0,4
Construcción	-7,8	-3,8	-8,9	-8,7	-7,6	-5,9	-4,9	-3,2	-3,2	-3,7
Servizos	1,4	1,1	0,3	1,2	2,0	2,2	1,4	1,0	1,0	0,9
Impostos netos sobre os produtos	-1,2	1,7	-1,1	-0,6	-0,9	-2,2	1,2	2,5	1,3	2,0

(1) PIBpm, índices de volume encadenados, Base 2008; datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 30-03-2012)

(2) Aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fonte: INE

1.1.6.
Índices de competitividade de España 2007-11 (1)

	Fronte á zona euro			Fronte á UE-27			Fronte a novos países industrializados de Asia (2)	
	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais
				(base 1999 = 100)				
2007	109,2	106,1	113,5	108,3	105,5	111,6	124,3	116,6
2008	110,2	107,2	115	110,6	107,9	114,3	128,3	119,7
2009	109,7	107,3	111,9	111,7	108,5	113,4	122,9	115,0
2010	110,3	107,1	109,4	111,2	107,8	110,0	111,7	103,1
2011	110,8	107,4	106,6	111,4	107,9	107,3	110,8	105,8

(1) a caída no Índice reflicte melloras na competitividade

(2) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.

Fonte: Banco de España

1.1.7.

Distribución funcional da renda en España 2010-11

	2010	2011	2010				2011			
			trimestres							
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
PIB (1)	0,4	1,4	-0,2	0,1	0,7	1,0	1,3	1,6	1,4	1,2
Remuneración de asalariados	-1,3	-0,9	-1,1	-1,2	-1,3	-1,4	-0,8	-0,7	-0,7	-1,2
Custo laboral unitario	-1,3	-1,0	-1,1	-1,2	-1,5	-1,4	-1,0	-0,8	-0,8	-1,2
Remuneración por asalariado	0,0	0,4	0,4	0,3	-0,3	-0,4	0,3	0,2	0,6	0,5
Productividade por traballador	-1,3	-1,3	-1,5	-1,5	-1,2	-1,1	-1,2	-1,1	-1,3	-1,7
Taxa de asalarización	0,1	0,1	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,0
Excedente bruto de explotac. / Renda mixta bruta	0,2	2,4	0,6	-1,6	0,0	1,6	1,9	3,2	1,7	2,8
Impostos netos produción e importacións	1,5	-0,2	0,3	2,9	2,0	0,8	0,2	-1,0	0,4	-0,4

(1) PIBpm, prezos correntes, base 2008; datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 30-03-2012)

Fonte: INE

■ 1.1.8.

mentan a taxa de variación do seu VEB en relación ao ano anterior, pero que, en conxunto, non compensan a evolución negativa das actividades financeiras e seguros e das actividades artísticas e recreativas, así como o menor avance das taxas das actividades de información e comunicacións, inmobiliarias e da administración pública, sanidade e educación, en relación ás acadadas no ano 2010.

As ramas industriais manteñen a tendencia iniciada en 2010, e continúan a súa evolución positiva, acadando unha taxa de variación interanual do 1,9%, non obstante, este avance fréase no último trimestre do ano, onde, despois de tres trimestres positivos, se acada unha taxa de variación do -0,4% en relación ao cuarto trimestre do ano 2010.

A taxa de variación interanual do PIB real do sector primario incrementouse un 0,6%, en relación ao ano 2010. A igual que acontece no resto de actividades produtivas, a evolución positiva ralentízase na segunda metade do ano.

Nesta situación, os custos laborais incrementáronse lixeiramente, impulsados polo aumento da remuneración por asalariado; con todo os custos laborais unitarios reducíronse novamente no ano 2011, reflectindo o aumento de produtividade.

O excedente bruto de explotación e a renda

mixta, valor que indica o pago aos factores produtivos salvo o pago de salarios aos traballadores, despois dun incremento medio anual do 0,2% en 2010, presenta no ano 2011 un incremento medio anual do 2,4%, Asemade, os impostos netos sobre a produción e as importacións redúcense un 0,2%.

Neste marco económico, o emprego no ano 2011 non deu signos de recuperación, sendo o paro rexistrado en España superior ao correspondente ao ano 2010. Hai un crecemento nos niveis de desemprego e continúa a redución do número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social, crecendo, nembargante, o número de sociedades mercantís creadas no ano 2011 en España, un 6% máis que no ano anterior.

O número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social en España descendeu no último ano en 225.600 persoas, un 1,5%, e a poboación ocupada segundo a EPA fíxoo un 1,9%, aproximadamente 351.900 persoas ocupadas menos no ano 2011, en relación ao ano anterior.

Xunto a esta caída da ocupación, o desemprego crece aínda que en menor medida que o ano anterior, acadando o paro estimado unha medra anual do 7,9% e o paro rexistrado, un incremento do 4,8%, porcentaxes máis moderadas que as rexistradas no ano 2010, co 11,6% e o 11,4% de incrementos respectivamente.

Mercado de traballo en Galicia e España 2010-11

	Galicia		España	
	2010	2011	2010	2011
	(taxas de variación interanual)			
PIB (1)	0,1	0,3	-0,1	0,7
Emprego				
Afiliacións á Seguridade Social	-2,2	-2,8	-1,9	-1,5
Ocupación	-4,4	-1,6	-2,3	-1,9
Paro estimado	20,7	13,7	11,6	7,9
Paro rexistrado	9,7	6,7	11,4	4,8
Regulación do emprego				
Expedientes autorizados	-19,1	55,1	-11,6	22,2
Traballadores afectados	-46,0	73,1	-45,3	13,2
Desenvolvemento empresarial				
Empresas inscritas Seguridade Social (2)	-1,4	-2,8	-1,9	-2,4
Sociedades mercantis creadas (3)	5,5	1,1	2,3	6,0

(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados), datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (24/05/2012); Base 2008

(2) empresas inscritas no Réxime Xeral e no Réxime da Minería e do Carbón

(3) datos 2010 son provisionais

Fonte: IGE, INE e Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 1.1.9.

Asemade, como reflicte o **cadro 1.1.9.**, o ano 2011 presenta un forte incremento do número de expedientes de regulación de emprego autorizados, que ascenden un 22,2% en relación ao ano anterior, así como un aumento do 13,2% no número de traballadores afectados polos citados expedientes.

Panorama económico da eurorrexión Galicia-Norte Portugal

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.859 quilómetros cadrados e conta cunha poboación de 6.485.000 habitantes, o que implica unha densidade media de 127,5 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-27, a eurorrexión representa o 1,2% da súa superficie e o 1,3% da súa poboación. O 18,4% da poboación estranxeira residente en Galicia a 1 de xaneiro de 2011 era de orixe portuguesa.

En termos de PIB per cápita (**cadro 1.1.10.**), comparando os datos das dúas rexións, este indicador de converxencia acada en Galicia o 93% da media UE-27=100, 29 puntos superior ao valor rexistrado na rexión Norte de Portugal.

No concernente ao emprego, a poboación activa

en Galicia é de 1,3 millóns de persoas no ano 2011, e é de case dous millóns de persoas a poboación activa residente na rexión norte de Portugal (1.980.800 persoas), sendo a taxa de actividade das dúas zonas do 55,2% e do 62,3% respectivamente.

A ocupación no ano 2011 na eurorrexión ascendeu a 2,8 millóns de persoas (o 43,2% da poboación total da eurorrexión), dos que o 60,5% dos traballadores estaban ocupados nas ramas de actividade do sector servizos. O conxunto das ramas industriais abrangue case o 21,1% das persoas traballadoras, mentres que a construción e o sector primario acollen o 9,2% en ámbolos dous casos.

Con todo, cómpre salientar a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e o Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acollendo o 67,7% das persoas ocupadas fronte ao 53,3% no norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é case dez puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 16,2% e o 26%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 7,6%

Principais indicadores da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

			Eurorrexión		UE-27
			Galicia	Rexión Norte	
Superficie	(en Km ²)		50.859	29.575	4.403.357
Poboación de dereito	(miles de persoas)	1/1/11	6.485,03	2.795,42	502.476,60
Densidade poboación	(habs. / km ²)	1/1/11	127,51	94,52	114,11
Poboación ocupada	(%)	2011			
Sector primario			9,2	7,6	4,6
Industria			21,1	16,2	17,8
Construción			9,2	8,4	7,4
Servizos			60,5	67,7	70,1
Desemprego	(%)	2011			
Total			15,2	17,4	9,7
Longo prazo (1)			12,7	7,1	4,1
Feminino			16,3	18,3	9,8
Mozos (menores de 25 anos)			33,1	37,6	21,4
PIB prezos de mercado	(millóns de €)	2010	105.934	57.392	12.255.454
		2009	103.806	56.601	11.745.354
		2008	106.458	57.970	12.363.930
PIB per cápita	UE-27=100	2009	93	64	100
		2008	92	62	100

(1) porcentaxe de desempregados de longa duración (12 meses ou máis) entre a poboación activa
 Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE-Portugal, INE, IGE e Eurostat

■ 1.1.10.

da ocupación total en Galicia fronte ao 10,8% no norte de Portugal.

No concernente ás taxas de desemprego, seguindo a tendencia iniciada no ano anterior, a taxa de paro en 2011 segue incrementándose. Galicia mantén unha rateo superior tanto á media europea como á rexistrada no norte de Portugal; así a taxa de paro no ano 2011 acada en Galicia o 17,4%, o 13% na rexión norte de Portugal e o 15,2% no conxunto da eurorrexión.

Esta mesma tendencia prodúcese no caso das mulleres, onde a taxa de desemprego en Galicia acada o 18,3% e o 14,3% da poboación feminina na rexión Norte de Portugal.

Finalmente, no que respecta aos datos relativos a traballadores de nacionalidade portuguesa afiliados á Seguridade Social en Galicia, destacar que no ano 2011, había 7.587 traballadores nesta situación, dos que o 53% traballaban no sector servizos, o 24% na construción, o 14% na industria e o 8,5% no sector primario. ■

1.2.

Cadro macroeconómico de Galicia

A economía galega no 2011 estabilízase en taxas de variación interanual do seu Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado do 0,3%, dúas décimas máis que no ano anterior e lonxe das taxas negativas acadadas no ano 2008 do -3,4%. Este incremento foi menor que o rexistrado no conxunto do Estado (0,7%) e inferior tamén ao do conxunto da zona euro, cun crecemento do 1,4%.

As taxas de variación nos catro trimestres do ano mantéñense por debaixo do 1%, acadando unha taxa cero de variación do PIB no cuarto trimestre do ano.

O estancamento na evolución da actividade económica reflíctese, novamente, nun incremento do desemprego así como na redución do número de persoas afiliadas á Seguridade Social e no número de persoas ocupadas.

Antes de comezar a análise da situación macroeconómica de Galicia, estudando os agregados de demanda, oferta e renda, así como a produ-

tividade e competitividade da economía galega, é importante destacar a implementación do *Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014*, que ten como obxectivo fundamental establecer en Galicia un novo modelo de desenvolvemento económico no horizonte temporal do ano 2020.

Para acadar ese obxectivo fundamental, Galicia ten as seguintes prioridades para os vindeiros anos:

- Crecemento sustentable e creación de emprego.
- Aumento da competitividade mediante a innovación, a creatividade e un emprego eficaz dos recursos.
- Crear unha nova xestión pública, máis compartida e aberta.

Estas prioridades tratan de cubrirse a través de 5 eixes de actuación:

- 1.- Cohesión social, benestar e calidade de vida.
- 2.- Dinamización económica, crecemento e emprego.
- 3.- Economía do coñecemento.

4.- Sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial.

5.- Administración austera, eficiente e próxima ao cidadán.

1.- Cohesión social, benestar e calidade de vida.

Con este eixe de actuación preténdese en primeiro lugar levar a cabo unha revitalización demográfica, para o cal conta cun *Plan de rexuvenecemento demográfico 2010-2013* e con medidas de conciliación da vida familiar e laboral, favorecendo, entre outras actuacións previstas, a creación de escolas infantís e axudas económicas para compensar a redución de xornada laboral de nais e pais.

En segundo lugar, o Plan quere garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade, de xeito que se desenvolva un novo modelo organizativo no que se optimicen os recursos asistenciais. Para isto conta con Programas de prevención, promoción e protección da saúde e co Plan Estratéxico do Servizo Galego de Saúde.

En terceiro lugar, preténdese garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade, mellorando a calidade dos sistemas educativos e desenvolvendo a cultura.

O cuarto aspecto importante que abarca este eixe é a atención ao benestar social, para que as persoas con dependencia e discapacidade poidan satisfacer as súas necesidades, dándolle unha especial importancia ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores.

O último obxectivo deste eixe é garantir a igualdade de oportunidades, inclusión social e mellora dos servizos sociais, sen discriminación entre homes e mulleres e garantindo que os emigrantes teñan igualdade de dereitos.

2.- Dinamización económica, crecemento e emprego.

Con este eixo de actuación, preténdese facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, mediante unha política de infraestruturas de transporte que permita unha mellor comunica-

ción de Galicia e sexa máis aberta e integrada nos circuitos e fluxos comerciais e económicos europeos e mundiais. Para isto cóntase co *Plan Move (2010-2015)*, co *Plan de seguridade viaria de Galicia 2011-2015* e co *Plan de transporte metropolitano de Galicia*.

En segundo lugar, preténdese internacionalizar a economía galega, por medio do investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas. A través do IGAPE tratarase de fomentar a actividade exportadora das empresas e a creación de clústers, para atraer investimentos foráneos. Algúns plans creados para acadar estes obxectivos son o *Plan Re-forza 2010*, o *Plan Re-solve +* ou o *Plan Re-brote*.

O terceiro obxectivo deste eixe é potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos de Galicia, aproveitando as vantaxes nalgunhas actividades, facendo procesos produtivos con máis valor engadido, fomentando a innovación, a cooperación empresarial e a creación de clústers.

Por último é necesario acadar un emprego de calidade, modernizando os mercados de traballo, facendo un mercado laboral atractivo e flexible e eliminando os desequilibrios territoriais existentes en Galicia entre a costa e o interior. Ademais de ter traballadores máis cualificados e mellorar as súas condicións de emprego.

3.- Economía do coñecemento.

O obxectivo fundamental deste eixe é favorecer o crecemento económico de Galicia por medio do coñecemento e a innovación, isto é a través do:

- Impulso do I+D+i.
- Incorporación á sociedade da información.

Partindo deste obxectivo, a primeira gran liña de actuación é facer de Galicia unha sociedade máis competitiva a través da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial. Para levar este obxectivo a cabo, cóntase co *Plan galego de I+D+i (2011-2015)*.

A segunda gran liña de actuación é modernizar e

PIB 2010-11: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2010	2011	2010				2011			
			trimestres							
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
	(taxas de variación interanual)									
Gasto en consumo final	-0,3	-1,0	-0,8	0,1	0,1	-0,4	0,1	-0,8	-1,5	-1,9
Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-0,4	-1,0	-0,9	0,1	-0,4	-0,6	-0,5	-1,1	-1,0	-1,4
Gasto en consumo final das AA.PP.	0,2	-1,1	-0,7	-0,1	1,5	0,1	2,0	0,0	-3,0	-3,1
Formación bruta de capital fixo	-6,2	-4,2	-4,3	-6,7	-6,5	-7,3	-5,7	-3,6	-3,4	-4,1
Exportacións de bens e servizos	6,9	4,2	14,8	8,7	3,3	1,6	3,8	8,4	0,2	4,5
Importacións de bens e servizos	2,8	0,2	11,4	4,1	-0,6	-2,9	0,4	4,3	-3,6	-0,2
PIB a prezos de mercado	0,1	0,3	-1,0	0,3	0,6	0,6	0,6	0,3	0,2	0,0
Ramas agraria e pesqueira	3,2	2,3	-0,9	2,2	4,8	6,7	4,5	2,8	0,4	1,8
Ramas industriais	0,4	-1,8	3,3	0,4	-0,1	-2,0	-0,6	-0,8	-3,5	-2,3
Construción	-7,3	-3,1	-7,8	-8,9	-6,9	-5,5	-4,5	-2,2	-2,3	-3,1
Ramas dos servizos	1,5	1,1	0,1	2,2	1,7	1,9	1,3	0,4	1,5	1,1
Impostos netos sobre os produtos	1,2	2,8	-2,6	1,6	4,1	2,0	3,6	4,0	2,1	1,7

(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados), base 2008; datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (24/05/2012)
Fonte: IGE

1.2.1.

promover o emprego das TIC nos ámbitos produtivos, social e dos servizos públicos, integrando Galicia no novo contexto dixital, que será a base do progreso económico e social, favorecendo maiores niveis de benestar.

4.- Sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial.

O primeiro obxectivo é converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e mellorar a calidade de vida. Para levar este obxectivo a cabo conta co *Plan de ordenación do litoral*, *Plan Hurbe 2010-2013*, *Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020* e *Plan de saneamento de Galicia*, entre outros.

O segundo obxectivo é facer un desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única, potenciando as súas vantaxes e riqueza. Para poder levar a cabo este obxectivo artículanse o *Plan de Ferrol e comarcas*, e plans *Impulsa Lugo* e *Ourense*, así como o *Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013*.

O último obxectivo deste eixe é desenvolver a enerxía eficiente como fonte de riqueza e como resposta ao cambio climático, de xeito que de

cara ao ano 2020 se reduza un 20% o consumo de enerxía, o 20% da enerxía consumida sexa renovable e que se reduza un 20% as emisións de gases de efecto invernadoiro.

5.- Administración austera, eficiente e próxima ao cidadán.

Este último eixe pretende impulsar reformas administrativas que eliminen trabas á iniciativa emprendedora, dando prioridade á austeridade e racionalidade do gasto administrativo e potenciando unha administración na que haxa colaboración e decisións compartidas.

Análise macroeconómico da economía de Galicia. Agregados da demanda

Dende o punto de vista da demanda, o consumo final diminúe en Galicia en relación ao ano anterior nun 1%. O gasto en consumo final dos fogares diminúe un 1% (-0,4% no ano 2010) e o gasto en consumo final das Administracións Públicas redúcese a unha taxa interanual do 1,1%, (0,2% de crecemento no ano 2010).

O consumidor galego mantén o seu pesimismo en 2011, como amosa o valor negativo do indicador de confianza (calculado a partir da información recollida sobre a situación económica futura do

Consumo e investimento en Galicia e España 2010-11: principais indicadores

	Galicia		España	
	2010	2011	2010	2011
(taxas de variación interanual)				
Consumo				
Índice de vendas do comercio polo miúdo	2,0	-2,4	0,7	-1,8
Índice de vendas do comercio polo miúdo (prezos constantes)	-0,1	-6,4	-1,6	-5,7
Producción de bens de consumo (índice de produción industrial)	-2,6	-5,4	0,9	0,9
Producción de bens de consumo duradeiro	-7,5	-12,5	-7,4	-1,4
Producción de bens de consumo non duradeiro	-2,2	-4,8	1,9	-10,8
Importación de bens de consumo	-10,5	-9,5	-0,3	-18,9
Ocupación hoteleira	9,1	-12,1	3,4	4,3
Gasto de Administracións Públicas	0,2	-1,1	0,2	-2,2
Expectativas do consumidor (1) (saldo medio das respostas)				
Indicador de confianza do consumidor	-24,0	-24,8		
Situación financeira persoal	-10,1	-9,5		
Situación económica de Galicia	-31,3	-25,7		
Capacidade de aforro	-22,9	-33,8		
Emprego	-31,9	-30,3		
Investimento				
(taxas de variación interanual)				
Producción de bens de equipo (índice de produción industrial)	-0,7	-9,9	-3,3	0,2
Importacións de bens de equipo	-35,6	26,0	9,9	-3,4
Licitación pública				
Total	-32,4	-14,7	-33,0	-47,9
Administración Xeral do Estado	-56,0	64,5	-55,1	18,2
Administración autonómica	9,1	-53,5	-22,8	-61,4
Administracións locais	-12,1	-63,8	-23,0	-68,6
Expectativas empresariais (saldo medio das respostas)				
Índice galego de confianza empresarial	-29,2	-31,6		

(1) presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia

1.2.2.

fogar e da C.A., capacidade futura de aforro e a evolución do número de parados), que se sitúa nos -24,8 puntos, cando no ano precedente era de -24 puntos. O indicador de confianza do consumidor é un indicador que toma valores entre (-100) e 100, correspondendo os valores entre 0 e 100 con percepcións favorables e entre 0 e (-100) con percepcións desfavorables, tanto máis pesimistas ou optimistas canto máis se aproximen os valores aos extremos.

Outros indicadores relacionados coa ralentización no consumo das familias son o descenso no índice de vendas polo miúdo, o retroceso do valor das importacións de bens de consumo ou o forte descenso na ocupación hoteleira.

No que ao investimento se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a formación

bruta de capital experimentou no ano 2011 unha contracción do 4,2%, cando no ano precedente reducírase nun 6,2%. Os datos trimestrais reflicten unha redución máis intensa no primeiro e cuarto trimestres do ano, ata acadar unha redución no último trimestre do 4,1%, na mesma liña que a evolución da formación bruta de capital no conxunto do Estado, que acada a taxa de variación interanual máis negativa no último trimestre do ano 2011, cun -6,2% en relación ao ano anterior.

No que atinxe á evolución do investimento en bens de equipo, reflectido nos datos de variación do índice de produción industrial, este descendeu un 9,9% respecto ao experimentado no ano 2010, onde xa decrecera un 0,7%. De xeito contrario, as importacións destes produtos rexistraron un incremento interanual do 26%.

Tipos de xuros e préstamos hipotecarios 2007-11

	Tipos de xuros referentes a créditos para o consumo		Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos		
	Bancos	Caixas de aforros	Bancos	Caixas de aforros	Conxunto entidades
	(mes de decembro)		(medias anuais)		
2007	9,01	8,48	5,20	5,28	5,24
2008	9,54	8,80	5,78	5,92	5,86
2009	9,34	8,80	3,15	3,65	3,44
2010	9,80	9,15	2,51	2,97	2,77
2011	9,92	11,19	3,26	3,50	3,38

Fonte: Banco de España

■ 1.2.3.

Ao igual que acontecera no ano 2010, no ano 2011 a licitación oficial pública segundo data de anuncio, rexistrou en Galicia unha caída do 14,7%, destacando, sen embargo, o forte aumento da licitación da Administración Xeral do Estado que se incrementa nun 64,5%, fronte ao descenso das licitacións na Administración Autonómica nun 53,5%, e nas Administracións Locais nun 63,8%.

En termos reais, as importacións incrementáronse no ano 2011 un 0,2% respecto ao importe do ano anterior e as exportacións aumentaron un 4,2%. Como se desprende do **cadro 3.3.3. [Importacións e exportacións 2010-11: distribución segundo áreas xeográficas]**, no último ano redúcese significativamente a importancia relativa das relacións comerciais co resto das comunidades autónomas españolas, xa que, manténdose estable o valor das importacións galegas procedentes do resto do Estado en torno ao 60% do total, redúcese o valor das exportacións galegas con destino resto de España, pasando do 47,8% do total no ano 2010 ao 44% no ano 2011, a causa, tanto da redución do valor das exportacións cara ao resto do Estado, como polo incremento do valor das exportacións cara ao resto do mundo. O saldo da balanza comercial segue sendo negativo, lastrado polo cada vez maior saldo negativo da balanza comercial co resto do Estado e amortiguado polo saldo positivo da balanza comercial con terceiros países.

Finalmente destacar a aportación positiva da demanda externa ao crecemento do PIB galego a

prezos de mercado, fronte ás aportacións negativas da demanda interna, cun gasto en consumo moi deprimido e cunha formación bruta de capital fixo en descenso.

Análise macroeconómica da economía de Galicia. Agregados da oferta

Dende o punto de vista da oferta, as ramas agrarias e pesqueiras e os servizos son as únicas que presentan taxas de variación do PIB pm positivas no ano 2011, para as ramas agrarias do 2,3%, inferiores ás rexistradas no ano precedente (3,2%), e para os servizos do 1,1%. As restantes ramas de actividade seguen unha tendencia recesiva, con taxas de variación interanuais negativas do 1,8% nas ramas industriais, unha recesión máis intensa que a que mostraba no ano 2010, cunha taxa de variación positiva do 0,4%, e do -3,1% para o sector da construción, que modera o seu descenso tras acadar taxas de variación interanuais negativas do 7,3% no ano anterior.

Ao longo do ano, os datos recollidos no **cadro 1.2.1.** amosan evolucións trimestrais dispares entre as diferentes ramas de actividade. Así, as ramas agrarias e pesqueiras mostran unha tendencia decrecente, acadando a maior taxa de variación interanual no primeiro trimestre do ano, rexistrando, sen embargo, taxas de variación positivas nos catro trimestres do ano. Esta evolución é similar a acadada polo sector no conxunto do Estado, onde é no cuarto trimestre no que acada unha taxa de variación interanual inferior.

As ramas industriais da economía galega comezan o primeiro trimestre do ano cunha taxa de variación interanual negativa do 0,6%, evolucionando cara a taxas máis negativas nos tres trimestres restantes, do 0,8%, 3,54% e 2,3%.

A evolución trimestral do sector da construción mostra o maior descenso no primeiro trimestre do ano 2011, cunha taxa de variación interanual negativa do 4,5%, moderando este descenso nos tres trimestres restantes, con taxas negativas en torno ao 2% no segundo e terceiro trimestres e do 3,1% no cuarto trimestre.

Finalmente, o sector servizos acadou taxas de variación interanual positivas nos catro trimestres do ano.

Análise macroeconómico da economía de Galicia. Agregados da renda

No período 2008-2011, a participación dos asalariados na renda diminuíu en sete décimas porcentuais, acadando en 2011 o 46,2%. Pola contra, o peso dos beneficios, en termos de excedente bruto de explotación/rendas mixtas, acadou o 45,7%, oito décimas máis que no ano 2008.

A taxa media de variación interanual do índice xeral de prezos (IPC) foi do 3,4%, cando no ano anterior este índice situouse no 1,9%. A evolución ao longo do ano amosa unha tendencia decrecente, acadando a taxa de variación máis reducida no mes de decembro (2,5%).

O aumento salarial pactado en Galicia experimentou unha medra do 3,04%, catro décimas por encima do rexistrado no ano anterior. Seguindo a tendencia de anos anteriores, Galicia presenta un aumento salarial pactado, tanto no caso dos convenios de empresa como no doutros ámbitos, superior ao do conxunto do Estado.

Comparando os datos dos anos 2010 e 2011, o peso da remuneración de asalariados no PIB diminuíu, en tanto que a dos excedentes brutos de explotación/rendas mixtas incrementábase. En termos nominais, 2011 presenta, por unha

banda, unha redución do 1,5% da remuneración salarial, un crecemento da actividade produtiva do 0,3% (en termos de PIB real prezos correntes) e un incremento do 1,7% dos beneficios empresariais (en termos de excedente de explotación bruto/renda mixta bruta).

Se se ten en conta a evolución da importancia relativa da poboación asalariada no conxunto do emprego -medido en termos do número de postos de traballo equivalente a tempo completo-, os datos das Contas Económicas reflicten que no 2011 o 46,2% da renda se distribúe entre o 78,3% dos traballadores. O ano anterior, o 78,4% dos traballadores repartíanse o 47,7% da renda.

• Inflación

A tendencia ascendente da inflación galega rexistrada no ano 2010 continuou nos dous primeiros trimestres do ano 2011, cambiando a tendencia na última metade do ano, acadándose en decembro o 2,5%, o valor máis reducido desde o mes de outubro de 2010. A taxa media de variación interanual en Galicia ascende en 2011 ata o 3,4%, dúas décimas de diferenza co conxunto do Estado (3,2%), cando no ano precedente o IPC medio anual foi do 1,9% (1,8% en España). No conxunto dos países da zona euro a media anual do IPC situouse no 2,7%.

A nivel provincial, cómpre salientar que, en termos medios, todas as provincias galegas presentan un ascenso dos prezos ao consumo, en torno á media galega, sendo tamén similares as taxas de variación interanuais de prezos no mes de decembro.

Os axentes máis inflacionistas no ano 2011, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, son os integrados nos grupos de bebidas alcohólicas e tabaco, vivenda e transporte. Así, na comunidade galega, o incremento medio dos prezos dos produtos de bebidas alcohólicas e tabaco foi do 9,4% (10,2% de media en España), en tanto que no caso da vivenda e do transporte estas porcentaxes foron do 9% e 7,7%, respectivamente (7,2% e 8% en España). Pola contra, os menos inflacionistas foron os grupos de medici-

Asignación funcional da renda 2008-11⁽¹⁾

	Remuneración dos asalariados	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado
<i>(en millóns de €, prezos correntes)</i>				
2008	27.203,9	26.022,9	4.782,2	58.009,1
2009	27.101,9	24.775,8	3.902,9	55.780,6
2010	26.843,6	24.741,8	4.698,2	56.283,6
2011	26.441,0	26.196,0	4.633,2	57.270,2
<i>(% / PIB)</i>				
2008	46,9	44,9	8,2	100,0
2009	48,6	44,4	7,0	100,0
2010	47,7	44,0	8,3	100,0
2011	46,2	45,7	8,1	100,0

(1) PIB a prezos correntes; datos corregidos de efectos estacionais e de calendario; Base 2008 (consulta: 24-05-2012)
Fonte: IGE

■ 1.2.4.


IPC xeral nas CC.AA. 2010-11

	decembro			media anual		
	2010	2011	11/10	2010	2011	11/10
<i>(taxas de variación interanuais (en puntos porcentuais))</i>						
	(%)			(%)		
Andalucía	3,2	2,1	-1,1	1,8	3,2	1,4
Aragón	2,9	2,4	-0,5	1,8	3,2	1,4
Asturias	3,2	2,7	-0,5	2,0	3,6	1,6
Baleares	2,7	2,3	-0,4	1,7	2,9	1,2
Canarias	2,0	2,0	0,0	1,0	2,6	1,6
Cantabria	3,1	2,3	-0,8	1,9	3,4	1,5
Castela e León	3,2	2,7	-0,5	1,9	3,5	1,6
Castela-A Mancha	3,4	2,6	-0,8	2,0	3,7	1,7
Cataluña	3,0	2,5	-0,5	2,0	3,3	1,3
C. Valenciana	2,9	2,5	-0,4	1,6	3,1	1,5
Extremadura	3,0	2,4	-0,6	1,7	3,2	1,5
Galicia	3,1	2,5	-0,6	1,9	3,4	1,5
A Coruña	3,1	2,7	-0,4	1,9	3,5	1,6
Lugo	3,0	2,4	-0,6	1,9	3,2	1,3
Ourense	3,1	2,5	-0,6	1,9	3,3	1,4
Pontevedra	3,1	2,4	-0,7	1,9	3,3	1,4
Madrid	3,0	2,5	-0,5	1,8	3,1	1,3
Murcia	3,0	2,2	-0,8	1,7	3,1	1,4
Navarra	2,8	2,6	-0,2	1,6	3,2	1,6
País Vasco	2,8	2,4	-0,4	1,7	3,1	1,4
A Rioxa	3,0	2,7	-0,3	1,7	3,5	1,8
Ceuta	1,9	2,0	0,1	1,5	2,4	0,9
Melilla	2,4	1,5	-0,9	2,1	2,3	0,2
Total	3,0	2,4	-0,6	1,8	3,2	1,4


Fonte: INE

■ 1.2.5.

IPC xeral en Galicia e España 2010-11



IPC subxacente en Galicia e España 2010-11



Fonte: INE

1.2.6.

IPC galego e español 2010-11: distribución segundo grupos

	2010		2011		11/10	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(taxas de variación media anuais) (%)				(en puntos porcentuais)	
Xeral	1,9	1,8	3,4	3,2	1,5	1,4
Alimentos e bebidas non alcohólicas	-1,0	-0,8	2,6	2,1	3,6	2,9
Bebidas alcohólicas e tabaco	9,8	10,9	9,4	10,2	-0,4	-0,7
Vestido e calzado	-0,3	-0,3	0,2	0,3	0,5	0,6
Vivenda	4,8	3,5	9,0	7,2	4,2	3,7
Enxoval	0,2	0,6	1,2	1,1	1,0	0,5
Medicina	0,0	-1,0	-0,9	-1,3	-0,9	-0,3
Transporte	6,9	6,9	7,7	8,0	0,8	1,1
Comunicacións	-0,8	-0,8	-0,8	-0,8	0,0	0,0
Ocio e cultura	-1,4	-1,2	-0,1	-0,1	1,3	1,1
Ensino	2,4	2,5	2,2	2,4	-0,2	-0,1
Hoteis, cafés e restaurantes	1,8	1,2	2,0	1,6	0,2	0,4
Outros bens e servizos	1,9	2,3	2,5	2,9	0,6	0,6

Fonte: INE

1.2.7.

IPC galego e español 2010-11: distribución segundo produtos

	2010		2011		11/10	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(taxas de variación media anuais)		(en puntos porcentuais)		(en puntos porcentuais)	
	2010		2011		11/10	
	(en puntos porcentuais)		(en puntos porcentuais)		(en puntos porcentuais)	
Índice xeral	1,9	1,8	3,4	3,2	1,5	1,4
Cereais e derivados	-1,8	-1,3	3,7	3,1	5,5	4,4
Pan	-1,1	-0,3	2,3	0,7	3,4	1,0
Carne de vacún	1,1	0,5	1,8	1,6	0,7	1,1
Carne de ovino	2,0	-3,1	1,6	1,6	-0,4	4,7
Carne de porcino	-3,5	-2,1	1,8	2,3	5,3	4,4
Carne de ave	-3,0	-4,0	2,6	4,3	5,6	8,3
Outras carnes	0,3	-0,3	1,9	1,1	1,6	1,4
Peixe fresco e conxelado	0,7	1,3	0,6	2,7	-0,1	1,4
Crustáceos, moluscos e preparados de peixe	-0,2	1,5	5,2	4,6	5,4	3,1
Ovos	-0,2	-1,1	-1,2	-1,1	-1,0	0,0
Leite	-4,7	-5,2	0,0	-0,2	4,7	5,0
Productos lácteos	-2,0	-1,9	2,8	3,4	4,8	5,3
Aceites e graxas	-4,4	-2,6	1,1	0,4	5,5	3,0
Froitas frescas	0,5	-1,2	2,9	1,0	2,4	2,2
Froitas en conserva e frutos secos	-2,0	-1,4	-1,0	0,9	1,0	2,3
Legumes e hortalizas frescas	2,4	1,3	0,4	-0,4	-2,0	-1,7
Preparados de legumes e hortalizas	-2,2	-1,0	4,2	2,3	6,4	3,3
Patacas e os seus preparados	-1,3	7,6	6,6	1,6	7,9	-6,0
Café, cacao e infusións	-0,6	-0,1	10,0	10,1	10,6	10,2
Sucre	-10,9	-9,0	18,3	19,4	29,2	28,4
Outros preparados alimenticios	0,0	-0,1	3,2	2,1	3,2	2,2
Augua mineral, refrescos e zumes	-1,9	-2,3	0,1	0,6	2,0	2,9
Bebidas alcólicas	-0,4	0,2	1,3	1,4	1,7	1,2
Tabaco	15,5	15,0	13,5	13,3	-2,0	-1,7
Prendas de vestir de home	-0,3	-0,4	0,2	0,5	0,5	0,9
Prendas de vestir de muller	-1,0	-0,9	-0,2	-0,2	0,8	0,7
Prendas de vestir de neno e bebé	1,1	-0,2	0,3	0,1	-0,8	0,3
Complementos e reparacións de prendas de vestir	2,4	1,3	0,8	1,2	-1,6	-0,1
Calzado de home	-1,2	0,1	1,3	0,5	2,5	0,4
Calzado de muller	0,1	1,0	0,7	0,8	0,6	-0,2
Calzado de neno	1,6	0,1	0,7	0,5	-0,9	0,4
Reparación de calzado	5,0	3,5	3,4	3,9	-1,6	0,4
Vivenda en aluguer	1,5	1,1	1,3	1,0	-0,2	-0,1
Calefacción, alumado e distribución de auga	7,5	5,6	15,3	13,4	7,8	7,8
Conservación da vivenda	2,4	2,1	2,9	2,2	0,5	0,1
Mobles e revestimentos de solo	0,5	1,0	2,2	1,9	1,7	0,9
Textis e accesorios para o fogar	-2,3	0,2	1,4	2,0	3,7	1,8
Electrodomesticos e reparacións	-0,6	-0,5	-1,7	-1,2	-1,1	-0,7
Utensilios e ferramentas para o fogar	2,5	2,2	2,2	2,8	-0,3	0,6
Artigos non duradeiros para o fogar	-0,3	-0,4	1,0	0,6	1,3	1,0
Servizos para o fogar	2,1	2,5	2,3	2,6	0,2	0,1
Servizos médicos e semellantes	2,8	2,7	1,6	2,5	-1,2	-0,2
Medicamentos e material terapéutico	-2,6	-3,1	-3,2	-3,8	-0,6	-0,7
Transporte personal	6,6	6,6	7,4	7,8	0,8	1,2
Transporte público urbano	1,8	3,2	2,0	3,2	0,2	0,0
Transporte público interurbán	1,1	1,8	2,9	3,7	1,8	1,9
Comunicacións	-0,8	-0,8	-0,8	-0,8	0,0	0,0
Obxectos recreativos	-3,7	-3,4	-3,7	-4,8	0,0	-1,4
Publicacións	1,6	2,0	2,8	3,1	1,2	1,1
Esparcimento	0,9	1,4	1,0	1,4	0,1	0,0
Educación infantil e primaria	1,8	2,2	1,7	1,8	-0,1	-0,4
Educación secundaria	2,0	2,0	1,9	1,5	-0,1	-0,5
Educación universitaria	3,1	3,2	3,2	3,2	0,1	0,0
Outros gastos de ensinanza	2,1	1,6	1,5	2,2	-0,6	0,6
Artículos de uso persoal	0,4	0,6	0,9	1,3	0,5	0,7
Turismo e hostalería	1,2	0,6	2,1	1,8	0,9	1,2
Outros benes e servizos	4,4	3,5	4,7	4,2	0,3	0,7

Fonte: INE

■ 1.2.8.

Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2011: distribución segundo destino económico dos bens

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradeiro	Bens de consumo non duradeiro	Bens de equipo	Bens intermedios	Energía
	(taxas de variación anual)						
Andalucía	6,5	1,5	4,2	1,2	1,5	2,5	15,0
Aragón	4,0	2,1	0,9	2,9	2,1	3,9	11,6
Asturias	3,5	1,9	1,3	1,9	-9,6	1,7	11,0
Baleares	7,3	3,0	6,2	2,5	0,5	3,7	11,3
Canarias	8,8	2,8	-	2,8	-0,1	0,0	14,6
Cantabria	3,2	3,0	0,1	1,0	2,3	1,0	11,6
Castela e León	3,6	2,9	1,4	2,9	-0,2	1,8	10,4
Castela-A Mancha	7,3	4,8	1,0	5,1	1,3	3,3	15,7
Cataluña	4,9	2,3	1,4	2,5	0,2	3,5	16,3
C. Valenciana	5,1	2,1	2,4	2,1	1,1	3,4	15,6
Extremadura	4,3	0,5	1,7	0,5	0,0	3,6	11,2
Galicia	4,9	1,7	0,7	1,8	0,6	2,5	13,3
Madrid	6,0	2,5	1,2	2,6	0,7	4,3	12,2
Murcia	6,3	1,8	1,7	1,8	2,7	2,2	15,8
Navarra	4,4	0,7	-0,5	1,0	1,2	7,3	9,5
País Vasco	5,3	2,3	0,6	3,2	0,9	4,6	13,9
A Ríoxa	3,3	2,1	1,1	2,3	0,6	5,1	10,9
Total	5,2	2,3	1,8	2,4	1,2	3,0	14,1

Fonte: INE

■ 1.2.9.

na, comunicacións e ocio e cultura, con procesos de deflación tanto en Galicia como en España.

Atendendo á súa distribución segundo produtos, cómpre salientar que o azucre, cun 18,3%, os produtos de “calefacción, alumeado e distribución de auga”, cunha taxa de variación interanual do 15,3%, e o tabaco, cun 13,5%, rexistraron os incrementos medios máis importantes. Salientan tamén, por outra banda, os descenso en torno ao 3% das taxas de variación interanual dos prezos dos obxectos recreativos e dos medicamentos e material terapéutico.

A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) presentou en 2011 saltos entre taxas de variación positivas e negativas, cunha taxa media de crecemento similar en Galicia e en España, e rematando o ano no mes de decembro cun 0,2% no caso de España e cun 0,1% para Galicia.

No concernente a outros indicadores de prezos, o **cadro 1.2.9.** amosa que en Galicia, a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPI) a decembro de 2011, rexistrou

unha subida do 4,9%, sendo esta porcentaxe inferior á rexistrada no conxunto do Estado (5,2%). Os maiores incrementos experimentáanse na enerxía, cunha medra do 13,3%, fronte ao incremento do 12% do ano anterior. O incremento no índice de prezos é xeneralizado en todos os tipos de bens, sendo os bens de equipo e os bens de consumo duradeiro os que menos incrementan os seus prezos.

• Custos e salarios

O aumento salarial pactado en Galicia no conxunto dos sectores non primarios experimentou unha medra nominal do 3,04%, catro décimas por encima do rexistrado no ano anterior. Atendendo á desagregación segundo convenios de empresa e convenios doutro ámbito, o **cadro 1.2.10.** amosa que estes medraron un 2,07% e un 3,23%, respectivamente. Ao igual que o acontecido en anos anteriores, Galicia presenta un aumento salarial pactado, tanto no caso dos convenios de empresa como no doutros ámbitos, superior ao do conxunto do Estado.

O custo laboral é o custo total no que incorre un empregador pola utilización do factor traballo,

Aumento salarial pactado en Galicia e España 2007-2011

	Galicia				
	2007	2008	2009	2010	2011
Total	4,95	4,19	(%) 3,25	2,63	3,04
Convenios de empresa	3,82	3,43	2,44	2,08	2,07
Convenios doutro ámbito	5,11	4,29	3,34	2,69	3,23

	España				
	2007	2008	2009	2010	2011
Total	4,21	3,60	(%) 2,24	2,15	2,48
Convenios de empresa	3,57	3,09	2,17	1,74	1,86
Convenios doutro ámbito	4,28	3,65	2,25	2,19	2,54

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 1.2.10.

Custos laborais en Galicia e España 2010-11: distribución segundo sectores económicos e compoñentes

	2010							
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construcción	Servizos	Total	Industria	Construcción	Servizos
	(en €)							
Custo laboral por traballador e mes	2.251,34	2.443,34	2.388,32	2.174,91	2.526,97	2.848,91	2.578,73	2.452,88
Custo salarial total	1.663,16	1.801,75	1.656,79	1.625,44	1.875,23	2.088,61	1.804,74	1.838,73
Custo salarial ordinario	1.439,07	1.528,56	1.461,04	1.410,27	1.615,48	1.771,06	1.565,09	1.588,69
Outros custos	588,19	641,59	731,53	549,47	651,74	760,31	773,99	614,14
Custo por percepción non salariais	86,18	81,68	155,21	76,07	104,49	134,26	167,86	90,59
Custo por cotizacións obrigatorias	521,23	587,68	594,17	490,43	567,22	654,31	624,78	541,92
Subvencións e bonificacións da S. Social	19,22	27,76	17,85	17,04	19,97	28,27	18,64	18,37
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	16,81	17,51	16,50	16,66	19,14	20,67	17,81	18,97
Custo salarial total por hora	12,42	12,91	11,45	12,45	14,20	15,15	12,47	14,22
Custos salarial ordinario por hora	10,74	10,94	10,08	10,80	12,24	12,86	10,81	12,30
Outros custos por hora	4,39	4,60	5,05	4,21	4,94	5,51	5,35	4,75

	2011							
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construcción	Servizos	Total	Industria	Construcción	Servizos
	(en €)							
Custo laboral por traballador e mes	2.265,35	2.479,62	2.350,18	2.195,54	2.556,79	2.897,90	2.649,94	2.477,60
Custo salarial total	1.669,74	1.820,85	1.626,65	1.634,47	1.894,84	2.147,29	1.849,53	1.848,14
Custo salarial ordinario	1.447,01	1.548,52	1.404,58	1.425,05	1.630,75	1.808,45	1.586,97	1.599,02
Outros custos	595,61	658,76	723,53	561,07	661,95	750,61	800,41	629,47
Custo por percepción non salariais	91,01	90,84	156,13	82,24	109,82	113,09	184,97	101,36
Custo por cotizacións obrigatorias	523,93	593,47	585,56	496,64	572,73	666,36	634,63	547,18
Subvencións e bonificacións da S. Social	19,33	25,55	18,16	17,81	20,60	28,84	19,19	19,07
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	17,07	17,84	16,10	17,00	19,56	21,00	18,48	19,37
Custo salarial total por hora	12,59	13,11	11,15	12,66	14,50	15,56	12,89	14,45
Custos salarial ordinario por hora	10,90	11,14	9,62	11,04	12,48	13,12	11,07	12,51
Outros custos por hora	4,49	4,74	4,95	4,35	5,07	5,44	5,58	4,92

Fonte: INE

■ 1.2.11.

Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2010-11: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

2010								
	Total		Industria		Construción		Servizos	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	153,1	155,7	163,4	164,9	165,5	168,9	149,5	150,8
Traballadores a tempo completo	167,9	169,5	170,2	171,5	170,7	170,9	166,9	168,6
Traballadores a tempo parcial	86,2	84,7	83,3	88,0	83,9	86,9	86,5	84,3
Horas pagadas								
Total traballadores	153,6	155,9	164,1	166,1	166,0	169,6	149,9	150,8
Traballadores a tempo completo	168,4	169,9	170,9	172,7	171,3	171,7	167,3	168,6
Traballadores a tempo parcial	86,4	84,7	83,5	88,3	83,9	86,9	86,6	84,4
Horas efectivas								
Total traballadores	132,2	134,1	138,1	139,9	145,0	145,3	129,4	130,7
Traballadores a tempo completo	144,5	145,7	143,6	145,1	149,4	146,8	144,1	145,6
Traballadores a tempo parcial	75,9	75,1	73,5	78,7	75,2	81,1	76,2	74,7
Horas non traballadas								
Total traballadores	21,7	22,1	26,3	26,5	21,3	24,5	20,7	20,4
Traballadores a tempo completo	24,1	24,5	27,7	28,0	22,1	25,0	23,5	23,3
Traballadores a tempo parcial	10,5	9,7	10,1	9,7	8,8	5,9	10,6	9,8
Horas extras por traballador								
Total traballadores	0,6	0,5	1,0	1,4	0,7	0,9	0,6	0,2
Traballadores a tempo completo	0,7	0,6	1,1	1,5	0,7	0,9	0,7	0,3
Traballadores a tempo parcial	0,2	0,1	0,2	0,4	0,1	-	0,2	0,1
2011								
	Total		Industria		Construción		Servizos	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	152,1	154,5	163,1	163,1	164,7	168,8	148,5	150,3
Traballadores a tempo completo	167,8	169,8	170,1	171,4	170,7	171,5	166,9	169,0
Traballadores a tempo parcial	86,8	84,7	86,7	88,1	84,2	94,1	86,8	84,1
Horas pagadas								
Total traballadores	152,5	154,8	163,9	164,2	165,1	168,9	148,9	150,4
Traballadores a tempo completo	168,3	170,1	171,0	172,6	171,1	171,9	167,3	169,1
Traballadores a tempo parcial	86,8	84,8	86,7	88,0	84,2	93,8	86,9	84,1
Horas efectivas								
Total traballadores	131,0	132,9	138,5	139,3	143,7	146,3	128,1	129,4
Traballadores a tempo completo	144,1	145,5	144,2	145,9	148,8	148,8	143,5	144,8
Traballadores a tempo parcial	76,2	75,7	76,6	78,5	74,8	84,0	76,3	75,0
Horas non traballadas								
Total traballadores	21,8	22,1	25,7	25,2	21,6	22,8	21,0	21,2
Traballadores a tempo completo	24,4	24,9	27,1	27,0	22,6	23,4	24,0	24,5
Traballadores a tempo parcial	10,7	9,2	10,2	9,6	9,5	10,2	10,7	9,2
Horas extras por traballador								
Total traballadores	0,6	0,5	1,0	1,2	0,6	0,6	0,5	0,3
Traballadores a tempo completo	0,7	0,6	1,1	1,3	0,6	0,6	0,6	0,3
Traballadores a tempo parcial	0,2	0,1	0,1	-	0,1	0,1	0,2	0,1

Fonte: INE

■ 1.2.12.

incluíndo, polo tanto, o custo salarial (tódalas remuneracións, tanto en metálico como en especie, realizadas aos traballadores pola prestación profesional por conta allea) así como os chamados “outros custos” (prestacións non salariais e cotizacións obrigatorias á Seguridade Social), neste senso, o custo laboral por traballador e mes en Galicia rexistrou en 2011 unha medra inferior ao incremento medio estatal, estando o custo laboral total por persoa e mes en Galicia por debaixo da media estatal. Segundo reflicte a *Enquisa trimestral do mercado laboral* (INE), tras o incremento do 0,6% respecto ao ano anterior (1,2% no conxunto do Estado), o custo laboral medio ascendeu a 2.265,35 euros (un 11,4% inferior á media estatal), o que volve a situar a Galicia coma a terceira comunidade autónoma cos custos laborais máis baixos, tan só superada por Canarias (2.142,2 euros) e Estremadura (2.184,2 euros por traballador e mes).

A industria foi novamente, tanto en Galicia coma en España, o sector de actividade cos custos laborais máis elevados, cunha media de 2.479,6 euros en Galicia, o 85,6% da media estatal (**cadro 1.2.11.**). Séguenlle a construción, cun custo laboral medio de 2.350,2 euros (o 88,7% do custo medio estatal) e os servizos, cun custo medio de 2.195,5 euros (o 88,6% do custo medio en España).

O importe das ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes segue situando a Galicia coma a cuarta comunidade autónoma cos custos salariais ordinarios máis baixos, por detrás de Estremadura, Canarias e Murcia. Tras unha medra do 0,5%, catro décimas inferior á experimentada en España, estas ganancias acadaron en 2011 os 1.447 euros (183,74 euros menos que a media no conxunto do Estado), por diante de Estremadura, con 1.387,7 euros; Canarias, con 1.406,7 euros; e Murcia, con 1.438,4 euros de custo salarial ordinario por traballador e mes.

En relación ao tempo de traballo, entendemos por horas pactadas, as legalmente establecidas por acordo verbal, contrato individual ou convenio colectivo entre traballador e empresa, e

entendemos por horas efectivas as realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo, como en xornadas extraordinarias incluíndo as horas perdidas en lugar de traballo.

Neste senso, o número de horas mensuais efectivamente traballadas descendeu lixeiramente en Galicia no ano 2011 en relación ao ano anterior (acada as 132,9 horas fronte ás 134,1 do ano 2010), así como no conxunto do Estado ata as 131 horas, (132,2 horas no ano 2010). Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 145,5 horas efectivamente traballadas (144,1 horas de media en España), e os traballadores a tempo parcial, un total de 75,7 horas ao mes (76,2 horas no conxunto do Estado).

Seguindo a tendencia de anos anteriores, a construción é o sector de actividade con máis horas pactadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos.

O leve descenso no número de horas efectivamente traballadas no ano 2011 en relación ao ano anterior foi acompañado dun moderado ascenso no custo laboral por hora efectiva, que acada un valor monetario de 17,07 euros, fronte aos 16,81 euros do ano anterior (19,56 euros de media en España, fronte aos 19,14 euros do ano 2010).

Mercado de traballo e produtividade

O estancamento da actividade económica no ano 2011 afecta directamente ao mercado de traballo, que segue a ser o que en maior medida sofre os efectos negativos da crise económica. Neste contexto, con taxas de variación do PIB real do 0,3%, a recuperación do mercado de traballo tanto galego como estatal semella improbable.

De xeito sintético, xa que se dedica á análise pormenorizada do mercado de traballo o capítulo dous desta Memoria, o último ano presenta un incremento do desemprego, cunha taxa de variación interanual do número de parados do 13,9%, cunha caída do número de persoas afiliadas á Seguridade Social e do número de persoas ocu-

Produtividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2010-11 ⁽¹⁾: distribución segundo sectores

	2010		2011	
	Galicia	España	Galicia	España
<i>(prezos correntes, en millóns de €)</i>				
Producción (1)				
PIB prezos de mercado	56.670	1.051.342	57.678	1.073.383
VEB sector primario	2.470	25.454	2.582	25.944
VEB industria	9.562	155.191	10.125	166.490
VEB construción	7.009	114.776	6.838	113.029
VEB servizos	37.629	755.921	38.132	767.920
Emprego				
<i>(en miles de persoas)</i>				
Total	1.100,7	18.456,5	1.083,1	18.104,8
Sector primario	86,6	793,0	83,2	760,2
Industria	171,7	2.610,5	175,6	2.555,3
Construción	105,2	1.650,8	91,3	1.393,0
Servizos	737,2	13.402,2	733,0	13.396,3
Produtividade aparente				
<i>(prezos correntes, en miles de € por ocupado)</i>				
Total	51,49	56,96	53,25	59,29
Sector primario	28,52	32,10	31,0	34,13
Industria	55,69	59,45	57,66	65,15
Construción	66,63	69,53	74,90	81,14
Servizos	51,04	56,40	52,02	57,32
Produtividade aparente				
<i>(prezos correntes, % G/E)</i>				
Total	90,38	100,00	89,82	100,00
Sector primario	88,86	100,00	90,95	100,00
Industria	93,68	100,00	88,50	100,00
Construción	95,83	100,00	92,31	100,00
Servizos	90,50	100,00	90,75	100,00

(1) datos 2010 son avance; datos 2011 son primeira estimación

Fonte: INE

1.2.13.

padas segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA) e un novo descenso da contratación rexistrada nas oficinas de emprego.

Así, os datos do ano 2011 mostran un descenso do 2,7% do número de afiliados á Seguridade Social en alta laboral (descenso do 2,2% en 2010), e o número de persoas ocupadas segundo a EPA cae un 1,6%, 2,8 puntos porcentuais menos que no ano precedente. No que atinxe ao desemprego, o número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego aumentou nun 6,7% e o número de parados estimados pola EPA, en 27.900 persoas. A taxa de paro medrou en Galicia ata o 17,4%, máis de catro puntos porcentuais por debaixo da media española que no citado ano 2011 acada o 21,6%.

Ao longo do exercicio 2011, o estancamento do PIB real, reflíctese nunha nova redución na taxa de ocupación acadando o 45,6%, inferior en 1,4

puntos porcentuais á taxa de ocupación media do conxunto do Estado.

Asemade, a poboación parada segundo a EPA presenta taxas de variación interanuais inferiores, nos catro trimestres do ano, ás acadadas nos trimestres respectivos do ano 2010, nembargante as citadas taxas seguen sendo moi elevadas, acadando o 18,1% no cuarto trimestre do ano, o maior ascenso de todo o ano 2011.

Tendo en conta a evolución do PIB (prezos correntes) e o emprego equivalente a tempo completo, a produtividade aparente do traballo, medida como o cociente entre estas dúas variables, volveu a medrar no 2011, tanto en Galicia como en España. No conxunto da economía galega, a medra foi do 3,4%, sete décimas por debaixo do incremento medio da produtividade media española. A comunidade galega presenta incrementos da produtividade aparente en todos os

Indicadores de seguimento dos obxectivos fixados no *Acordo pola competitividade de Galicia 2008-11*

		Obxectivo 2011	Data	Galicia	España
Desenvolvemento e modernización empresarial					
Gasto en I+D do sector privado	(% sobre gasto total en I+D)	50,0		45,1	51,6
Gasto en I+D do sector privado	(% sobre PIB)	0,8	2010	0,4	0,4
Empresas con conexión a internet mediante banda ampla	(% sobre total empresas)	97,5	2011	99,1	99,3
Gastos totais en actividades innovadoras das empresas	(% sobre PIB)	2,0	2010	1,1	1,5
Empresas que innovan	(% sobre empresas de 10 ou máis ocupados)	27,5	2010	15,1	15,1
Empresas de máis de 100 asalariados	(Empresas por 100.000 habitantes)	30,0	2011	17,7	24,5
Importacións de bens de equipamento	(% sobre total importacións)	11,5	2011	9,1	17,9
Propensión media a exportar	(% exportacións internacionais sobre PIB)	30,0	2011	29,8	19,9
Prazas hoteleiras	(Prazas por 1.000 habitantes)	25,0	2011	22,4	30,2
Demografía, mercado de traballo e capital humano					
Taxa de crecemento poboación	(taxa crecemento por mil)	6,0		-0,8	3,6
Taxa temporalidade	(%)	20,0		24,7	25,3
Taxa global de emprego	(% ocupados sobre poboación 16-64 anos)	67,5	2011	59,4	57,2
Taxa feminina de emprego	(% mulleres ocupadas sobre mulleres 16-64)	59,0		54,7	51,9
Taxa de desemprego xuvenil	(% parados de 16-24 anos sobre activos 16-24)	13,0		37,6	46,5
Abandono educativo temprano	(% pob. 18-24 que non rematou secundaria 2ª etapa e non segue ningún tipo de formación)	22,5	2010	23,1	28,4
Nivel de formación da poboación nova	(% pob. 20-24 que completou polo menos secundaria 2ª etapa)	80,0		66,9	61,2
Titulados en matemáticas, ciencias e tecnoloxías	(Graduados en educación superior en ciencia e tecnoloxía por mil hab. 20-29 anos)	13,5	2009	14,6	12,5
I+D+i e Sociedade da Información					
Gasto en I+D	(% sobre PIB)	1,6	2010	1,0	1,4
Solicitudes de patentes vía estatal	(Nº por millón habitantes)	52,5	2011	67,3	72,9
Persoal en actividades I+D	(% sobre ocupados)	1,0	2010	1,0	1,2
Poboación que emprega internet		40,0		58,5	67,1
Persoas que mercaron a través de internet	(% sobre poboación 16-74 anos)	22,5		17,7	18,9
Persoas que obteñen información de pax web da Admón.		60,0	2011	57,2	53,7
Empresas con sitio/páxina web		55,0		61,2	67,0
Empresas que interactúan coas AA.PP. mediante internet	(% empresas con conexión internet)	75,0		81,0	84,0
Redes de transporte e infraestruturas enerxéticas					
Dotación autovías e autoestradas	(Km/1.000 km2)	31,0	2010	35,7	31,6
Dotación estradas	(Km/1.000 km2)	615,0		594,0	328,5
Medioambiente e territorio					
Xeración eléctrica con renovables	(% sobre xeración enerxía eléctrica)	81,0	2010	65,4	33,4

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia

■ 1.2.14.

sectores produtivos, de xeito semellante ao acontecido no conxunto do Estado.

A produtividade aparente do factor traballo representa en Galicia o 89,8% da media estatal, seis décimas por debaixo da media do ano anterior. Como indica o **cadro 1.2.13.**, a pesar do incremento da produtividade media do emprego no sector primario e nos servizos, as produtividades aparentes do emprego de todos os sectores en Galicia, seguen por debaixo da media estatal.

Xunto ao problema da ocupación e ao incremento do desemprego, os datos recollidos no **cadro 1.1.9. [Mercado de traballo en Galicia e España 2010-11]** reflicten un importante incremento do

número de expedientes de regulación de emprego autorizados e dos traballadores afectados polos mesmos, así como unha caída do 2,8%, superior á rexistrada no ano anterior, do número de empresas inscritas na Seguridade Social no réxime xeral e da minaría de carbón e dun incremento do 1,1% no das sociedades mercantís creadas no último ano, incremento notablemente inferior á media estatal (6%), así como ao producido no ano 2010 (5,5%). ■

1.3.

Marco orzamentario

Con data 29 de xuño publícase no DOG a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, que ten por obxecto o establecemento dos principios reitores aos que deberá adecuarse a política orzamentaria. A estabilidade orzamentaria constitúe un requisito necesario, pero non suficiente, para garantir a sustentabilidade financeira das administracións públicas, de xeito que a lei 2/2011 trata de disciplinar a elaboración dos orzamentos xerais co establecemento dun límite de gasto non financeiro autorizado polo Parlamento de Galicia, con procedementos máis esixentes para as entidades incluídas no perímetro de consolidación do sector público de Galicia, con amplas obrigas de transparencia e co establecemento de regras fiscais para os ciclos expansivos e depresivos da economía.

En concreto, a Lei 2/2011 recolle os principios que rexerán a actividade financeira da Comunidade Autónoma: o principio de estabilidade, plurianualidade, transparencia, eficiencia na asignación e no emprego dos recursos públicos e res-

ponsabilidade. Así mesmo concrétese a materialización da estabilidade financeira en termos de capacidade ou necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional, coa excepción do déficit adicional para investimentos produtivos. En base a esta excepción, a Administración poderá presentar déficit adicional cando este se destine a financiar incrementos de investimento en programas dedicados a atender actuacións produtivas, incluídos a investigación, o desenvolvemento e a innovación. En todo caso, este déficit non poderá superar o 0,25% do PIB rexional.

O instrumento que se impón como fundamental para incorporar a disciplina orzamentaria e evitar que ingresos extraordinarios se incorporen á estrutura administrativa a través do gasto corrente é establecer un límite de gasto non financeiro que permitirá empregar eses ingresos extraordinarios para amortizar débeda.

Dentro das medidas de xestión orzamentaria establecidas na norma co obxecto de acadar a

estabilidade orzamentaria, destaca a imposibilidade de realizar modificacións orzamentarias que supoñen déficit público.

Finalmente, as regras fiscais, xunto co teito de gasto e a programación plurianual, constitúen o eixe da reforma da lei 2/2011. Neste ámbito recóllense tres regras de disciplina fiscal: a obriga de financiar gasto corrente con ingresos correntes; que a débeda pública autonómica manteña un nivel prudente e unha evolución estable ao longo do ciclo, para o que se limita o crecemento do gasto na fase expansiva do ciclo a unha taxa equivalente á do crecemento do PIB nominal; e obrígase a dedicar posibles maiores recadacións conxunturais a reducir a débeda xerada nas fases recesivas do ciclo.

A Lei 14/2010, do 27 de decembro, aproba o orzamento xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011. Estes orzamentos, elaborados nun contexto económico desfavorable e con condicións financeiras moi restritivas, tratan de ser responsables co principio de sustentabilidade que debe rexer a actividade financeira da Comunidade Autónoma.

A lei consta de seis títulos, dez disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

No primeiro título recóllense a totalidade dos gastos e ingresos que conforman os orzamentos da Comunidade Autónoma así como os beneficios fiscais. No capítulo II deste título primeiro régúlanse os principios que rexen as modificacións orzamentarias, destacando como novidades desta lei, a incorporación, no artigo relativo á adecuación de créditos, dun novo suposto que permite a reasignación dos créditos incorporados que non amparen compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, para conseguir o máximo grao de execución dos fondos procedentes da Unión Europea. Destacan tamén as novas limitacións para a transferencia de créditos cando resulten afectados os capítulos I e VIII, e as novas excepcións para as trans-

ferencias de gasto de capital a gasto corrente, cando afecten a atrasos de persoal, sentenzas xudiciais e xuros de demora.

No Título II, non se prevé ningún incremento nas retribucións ao persoal manténdose as establecidas para o ano 2010; por outra banda, no que respecta á oferta pública de emprego, o número de prazas de novo ingreso será como máximo do 10% da taxa de reposición de efectivos e se concentrará nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren absolutamente prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

No Título III, operacións de endebedamento e garantía, en función do acordado no Consello de Política Fiscal e Financeira, establécese que a contía máxima do incremento da posición neta debedora da Comunidade Autónoma non supere o 1,3% do PIB.

No Título IV, xestión orzamentaria, as novidades máis destacadas que se introducen coa lei de orzamentos do ano 2011 son, por unha banda, a inclusión dun precepto que regula os documentos que serven como xustificantes dos gastos e dos pagamentos nas axudas e subvencións que se concedan con cargo a créditos financiados con recursos procedentes da UE, e, por outra banda, a incorporación dun precepto dedicado aos contratos de colaboración público-privada e de concesión de obra pública, no que se establecen como requisito para a súa autorización un informe previo e vinculante da Consellería de Facenda.

No Título V, corporacións locais, destaca como novidade, o novo tratamento da participación dos entes locais nos tributos do Estado, que pasarán a ter carácter extraorzamentario.

Finalmente no Título VI, normas tributarias, como novidades salientan, entre outras, a afectación exclusiva do tramo autonómico do imposto sobre vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos, a gastos sanitarios, así como, o imposto sobre o dano ambiental causado por

determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, queda afectado a gastos de investimento en saneamento, protección e mellora do medio natural, obras ou servizos hidráulicos.

O orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011 ascendeu a 9.708 millóns de euros, un 10,8% (1.177,2 millóns de euros) menos que os aprobados no exercicio anterior, o que representa o 17,2% do PIB galego estimado para 2011 e supón 3.473,3 euros/habitante.

A conta financeira

A forma en que se interrelacionan as grandes magnitudes que interveñen na composición dos presupostos queda reflectida na conta financeira. A estimación dos ingresos por operacións correntes no exercicio 2011 sitúase en 7.858 millóns de euros, cunha diminución respecto ao exercicio precedente do 2,5%, (200 millóns de euros menos), mentres que a estimación dos gastos correntes ascendeu a 7.485,5 millóns de euros, o que supón unha diminución do 3,8% respecto ao ano anterior. Malia a desfavorable evolución dos ingresos correntes, o aforro por operacións correntes da Comunidade mantense positivo, en 372,5 millóns de euros, aumentado este aforro orzamentario nun 35% en relación ao existente no exercicio anterior (276 millóns de euros no ano 2010).

No concernente ás operacións de capital, os gastos por operacións non financeiras de capital acadaron os 1.603 millóns de euros, 804 millóns de euros menos que ano anterior, equivalente ao 2,8% do PIB estimado para 2011. No ano 2011 os ingresos por operacións de capital previstos redúcense en 94 millóns de euros, ata acadar os 684 millóns de euros, un 7% dos ingresos totais. Os gastos por operacións de capital baixaron un 33,4% en relación ao ano anterior, porcentaxe superior ao retroceso dos ingresos de capital que foi do 12,1%

O gasto de capital dos capítulos VI e VII equivale ao 17,5% do gasto non financeiro da Comuni-

dade Autónoma, financiado en parte, cos ingresos por operacións de capital (684 millóns de euros), polo que o saldo resultante determina unha formación de capital de 918,7 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes, e xunto ao fondo de continxencia de 77,8 millóns de euros, da como resultando una necesidade de financiamento de 624 millóns de euros.

Se os presupostos do ano 2010 estimaban que a situación inicial de necesidade de financiamento se situaría en 1.414 millóns de euros, os de 2011 presentan unha necesidade de financiamento de 624 millóns de euros. O endebedamento bruto ascendeu a 1.145 millóns de euros (2.038 millóns de euros no ano anterior), aplicándose o 35,8% á amortización da débeda (o 25,3% en 2010).

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre o endebedamento bruto e as amortizacións do capítulo IX de ingresos e gastos, redúcese neste exercicio ata os 735,25 millóns de euros, é dicir, o 1,3% do PIB rexional que é o déficit máximo establecido para as comunidades autónomas segundo acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira, rectificado en acordo do Consello de Ministros do 3 de setembro de 2010.

O orzamento consolidado

O orzamento consolidado previsto para o exercicio 2011, unha vez deducidas as transferencias internas (3.573 millóns de euros) ascendeu a 9.708 millóns de euros, cun descenso dun 10,8% (1.177,2 millóns de euros) sobre os orzamentos estimados inicialmente do ano anterior. Co obxecto de poder comparar de forma homoxénea os datos do orzamento do ano 2011 cos do ano 2010, preséntanse os datos sen o efecto da participación das corporacións locais no orzamento do ano 2010, que, como xa se comentou anteriormente, considérase extraorzamentario a partir do ano 2011.

Os ingresos derivados de operacións non financeiras redúcense nun 3,3%, motivado na súa maior parte pola redución de 200 millóns de

Ámbito dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

Comunidade Autónoma		Organismos Autónomos		Axencias públicas	Sociedades públicas	
Seccións	Administrativos	Comerciais, industriais e financeiros			Entes públicos	Sociedades
Parlamento Consello de Contas Consello da Cultura Galega Presidencia da Xunta					CRTVG	TVG, S.A. RTVG, S.A. RETEGAL S.A.
Presidencia Admóns. Públicas e Xustiza	EGAP AGASP				Axencia Galega de Emerxencias	
Facenda	IGE Tribunal Defensa da Competencia				CES CIXTEC	SPI Galicia S.A. Aceousa
Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras	Augas de Galicia APLU	IGVS			EPOSH	Sogama S.A. Xestur Coruña S.A. Xestur Lugo S.A. Xestur Ourense S.A. Xestur Pontevedra S.A.
Economía e Industria	ICG				IGAPE INEGA	Galicia Calidade S.A. CEEI Galicia S.A. XES Galicia S.A. Sodiga Galicia S.A. Centro de Supercom Parque Tecnolóxico de
Educación e Ordenación Universitaria						
Sanidade	SERGAS					Galaria S.A.
Cultura e Turismo				AGADIC		S. A. Xestión Xacobeo S. Imaxe e Promoción T
Traballo e Benestar	Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral				Consello Galego de Relacións Laborais	
Medio Rural		FOGGA			Agader Ingacal	Sodeco S.A. Xenética Fontao, S.A. Seaga S.A. Bantegal S. A.
Mar					Portos de Galicia Inst. Tecnolóxico Control Medio Mariño	
Consello Consultivo de Galicia						
Transferencias a CC.LL.						
Débeda Pública						
Gastos diversas Consellerías						

AGADIC: Axencia Galega de Industrias Culturais. AGASP: Academia Galega de Seguridade Pública. APLU: Axencia de Protección da legalidade urbanística. CES: Consello Económico e Social. de Radiotelevisión de Galicia. EGAP: Escola Galega de Administración Pública. EPOSH: Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos. FOGGA: Fondo galego de Garantía Agraria. FUNGA: dependencia. ICG: Instituto Galego de Consumo. IGAPE: Instituto Galego de Promoción Económica. IGE: Instituto Galego de Estatística. IGVS: Instituto Galego de Vivenda e Solo. INEGA: Instituto de igualdade do home e da muller; SPI: Sociedade Pública de Investimentos.

Fonte: Xunta de Galicia

■ 1.3.1.

a 2011

	Fundacións	Consortios
mercantís		
	F. Deporte Galego	C. Audiovisual de Galicia
	F. Semana Verde de Galicia F. Galicia Europa	
mput. de Galicia Galicia S.A.	F. Feira de Exposicións de Lugo F. Centro Supercomputación F. Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico F. Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento F. Instituto Ferial de A Coruña F. Exposicións e Congresos A Estrada F. Centro Galego de Artesanía e Deseño	
	F.I.G. Oftalmoloxía F.P.E.G. Admón Sanitaria F.P. Urgencias Sanitarias 061 F.P. Centro de Transfusión de Galicia F.P.G. de Medicina Xenómica	
urística S.A.	F. Cidade da Cultura F. Illa de San Simón	C. Instituto de Estudos Turísticos
	FUNGA F. Centro Tecnolóxico da Carne	C. Galego de Servizos Igualdade e Benestar

CIXTEC: centro informático para a xestión tributaria, económico, financeiro e contable. **CRTVG**: Compañía Fundación galega para o impulso da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de o Enerxético de Galicia. **SERGAS**: Servicio Galego de Saúde. **SGPIHM**: Servicio galego de promoción da

euros nos ingresos correntes, sendo a causa fundamental desta redución, a caída dos ingresos procedentes do sistema de financiamento calculados segundo a Lei 22/2009, de 18 de decembro.

No exercicio 2011 prevese un bo comportamento dos ingresos tributarios xestionados pola Comunidade. Sen embargo, o conxunto dos xestionados polo Estado e en particular os suxeitos a entregas a conta así como os recursos de natureza non tributaria, redúcense neste exercicio nun 2,0%, o que representa 129,29 millóns de euros en termos absolutos.

Por capítulos, mentres que os impostos directos e indirectos experimentan importantes crecementos, do 47,8% e do 46,8%, respectivamente, as transferencias correntes redúcense nun 38,9%, motivado, fundamentalmente, pola aplicación do novo sistema de financiamento que establece maiores porcentaxes de cesión dos impostos suxeitos a liquidación respecto do anterior sistema.

Respecto da liquidación do sistema de financiamento, a diferenza do anterior exercicio, onde non se recollía liquidación nengunha, neste orzamento inclúese unha quinta parte da do ano 2008, xa que a disposición adicional cuarta da Lei 22/2009, do 19 de decembro, permite o seu aprazamento e fraccionamento ata xaneiro de 2011. A liquidación negativa do exercicio 2009 cancelárase a partir de xaneiro de 2012, nun prazo máximo de 60 mensualidades. En resumo, o importe a devolver neste orzamento ascende a 114,75 millóns de euros, que reducen o capítulo II e o capítulo IV de ingresos, debido á compensación que realizará o Estado nas entregas a conta do exercicio.

Dos ingresos correntes non financeiros, o maior peso corresponde aos procedentes do modelo de financiamento (7.065 millóns de euros), que supoñen o 82,7% do total de ingresos non financeiros, sendo os recursos finalistas procedentes doutras administracións públicas (750 millóns de euros) e da Unión Europea (465,3 millóns de

Conta financeira da C.A. 2010-11

	2010	2011	11/10	
	(en miles de €)		(%)	
Operacións correntes				
Ingresos	8.058.165	7.858.020	-200.145	-2,5
Impostos directos	1.373.788	2.030.974	657.186	47,8
Impostos indirectos	1.896.785	2.783.709	886.924	46,8
Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	270.678	281.121	10.443	3,9
Transferencias correntes	4.497.225	2.748.001	-1.749.224	-38,9
Ingresos patrimoniais	19.689	14.214	-5.475	-27,8
Gastos	7.782.164	7.485.550	-296.614	-3,8
Gastos de persoal	3.772.525	3.615.845	-156.680	-4,2
Gastos en bens correntes e servizos	1.378.309	1.345.698	-32.611	-2,4
Gastos financeiros	157.376	195.736	38.360	24,4
Transferencias correntes	2.473.954	2.328.271	-145.683	-5,9
Aforro por operacións correntes	276.001	372.470	96.469	35,0
Operacións de capital				
Ingresos	778.508	684.333	-94.175	-12,1
Alleamento de investimentos reais	49.400	26.520	-22.880	-46,3
Transferencias de capital	729.108	657.813	-71.295	-9,8
Gastos	2.406.940	1.603.078	-803.862	-33,4
Investimentos reais	1.250.893	804.268	-446.625	-35,7
Transferencias de capital	1.156.047	798.810	-357.237	-30,9
Formación de capital	1.628.432	918.745	-709.687	-43,6
Fondo de continxencia	62.008	77.820	15.812	25,5
Capacidade de financiamento	-1.414.439	-624.096	790.343	-55,9
Operacións financeiras				
Atencións	634.120	541.568	-92.552	-14,6
Activos financeiros	118.139	131.908	13.769	11,7
Pasivos financeiros	515.981	409.660	-106.321	-20,6
Recursos	2.048.559	1.165.664	-882.895	-43,1
Activos financeiros	765	20.755	19.990	2613,1
Depósitos recibidos	10.000	0	-10.000	-100,0
Endebedamento bruto	2.037.794	1.144.909	-892.885	-43,8
Capacidade de financiamento	-1.414.439	-624.096	790.343	-55,9
Endebedamento neto				
Endebedamento bruto	2.037.794	1.144.909	-892.885	-43,8
Amortizacións	-515.981	-409.660	106.321	-20,6

Fonte: Xunta de Galicia

■ 1.3.2.

euros), co 14,3%, a seguinte partida en importancia. No actual modelo de financiamento, os tributos cedidos parcialmente supoñen o 47,3% dos ingresos non financeiros fronte ao 10% dos tributos cedidos totalmente.

Dentro dos impostos cedidos totalmente, pola súa capacidade recaudatoria destaca o imposto sobre a renda das persoas físicas cunha previsión de ingresos para o ano 2011 de 1.856 millóns de euros, o imposto sobre o valor engadido con 1.477 millóns e os impostos especiais de fabricación con 712 millóns de euros; dentro dos impostos cedidos totalmente destaca o imposto sobre sucesións e doazóns cunha previsión de ingresos

de 175 millóns de euros, actos xurídicos documentados con 171 millóns de euros, transmisións patrimoniais con 164 millóns de euros e o imposto especial de fabricación sobre a electricidade con 113,1 millóns.

Os ingresos de capital non financeiro, constituídos polos recursos procedentes do capítulo VI e VII, experimentan un descenso do 12,1% sobre os do ano 2010. Esta diminución débese, por unha parte, á redución esperada nos alleamentos de investimentos reais cunha caída do 46,3%, na que salientan os ingresos previstos polo IGVS, que no vindeiro ano redúcense en 19,48 millóns de euros, e por outra, á minoración nas transfe-

Orzamento consolidado da C.A. 2010-11: ingresos e gastos

	Ingresos				
	2010		2011		11/10
	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)	(%)
Recursos propios	5.658.900	58,29	6.302.203	64,92	11,37
Ingresos tributarios	3.541.252	36,48	5.095.805	52,49	43,90
Ingresos e venda do patrimonio	69.089	0,71	40.734	0,42	-41,04
Ingresos por activos e pasivos financeiros	2.048.559	21,10	1.165.664	12,01	-43,10
Recursos transferidos	5.226.332	53,84	3.405.814	35,08	-34,83
Do Estado	4.706.896	48,48	2.864.991	29,51	-39,13
Da Unión Europea	448.314	4,62	465.299	4,79	3,79
Outros	71.123	0,73	75.524	0,78	6,19
Total	10.885.232	112	9.708.017	100	-10,81
	Gastos				
	2010		2011		11/10
	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)	(%)
Xestión directa	7.255.231	74,73	6.580.936	67,79	-9,3
Gastos de persoal	3.772.525	38,86	3.615.845	37,25	-4,2
Gastos de funcionamento	1.378.309	14,20	1.345.698	13,86	-2,4
Gastos financeiros	157.376	1,62	195.736	2,02	24,4
Gastos en activos e pasivos financeiros	634.120	6,53	541.568	5,58	-
Investimentos	1.250.893	12,89	804.268	8,28	-35,7
Fondo de continxencia	62.008	0,64	77.820	0,80	-
Transferencias ao sector público	1.504.788	15,50	1.202.008	12,38	-20,1
A Corporacións Locais	426.675	4,40	356.641	3,67	-16,4
A Sociedades e outros entes públicos da C.A.	1.045.929	10,77	835.120	8,60	-20,2
Outros	32.184	0,33	10.248	0,11	-68,2
Transferencias ao sector privado	2.125.213	21,89	1.925.073	19,83	-9,4
Familias e ent. sen ánimo de lucro	1.601.164	16,49	1.478.548	15,23	-7,7
Empresas	524.049	5,40	446.525	4,60	-14,8
Part. CC.LL. nos tributos do Estado. (extraorz.)	801.000		840.000		4,9
Total	10.885.232		9.708.017		-10,81

Fonte: Xunta de Galicia

1.3.3.

rencias de capital nun 9,8%, nas que destaca a diminución tanto dos fondos de compensación interterritorial como das subvencións finalistas procedentes do Estado.

De entre as distintas fontes de ingresos da Comunidade Autónoma é destacable a desfavorable evolución dos ingresos procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial, que dende o ano 2008 redúcese á metade, pasando de 203 millóns no ano 2008 a 99,6 no ano 2011.

Por outra parte, os ingresos de carácter financeiro, situados nos capítulos VIII e IX, experimentan unha redución importante no ano 2011, un 43,1%, que en termos absolutos cuantifícase en 882,89 millóns de euros. A este respecto, hai

que ter en conta as normas de estabilidade orzamentaria e acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira que establecen a senda de déficit sobre proxeccións orzamentarias das comunidades autónomas, previstas na actualización do Programa de Estabilidade de España 2009-2013, fixando un déficit máximo do 1,3% do Produto Interior Bruto para o ano 2011, é dicir 735,25 millóns de euros. Por tanto, recóllese no importe orzamentado como pasivo financeiro o endebedamento neto así como o importe previsto no capítulo IX de gastos, 409,66 millóns de euros destinados a amortizacións.

Polo lado dos gastos, un 67,8% do presuposto corresponde á xestión directa do mesmo, onde os gastos de persoal, que ascenderon a 3.616 millóns

Orzamento consolidado da C.A. 2010-11: distribución económica

	Ingresos					
	2010	2011	2010	2011	11/10	
	(en miles de €)		valor relativo		importe	
			(%)		(en miles de €)	(%)
Operacións correntes	8.058.165	7.858.020	74,0	80,9	-200.145	-2,5
I Impostos directos	1.373.788	2.030.974	12,6	20,9	657.186	47,8
II Impostos indirectos	1.896.785	2.783.709	17,4	28,7	886.924	46,8
III Taxas, prezos e outros ingresos	270.678	281.121	2,5	2,9	10.443	3,9
IV Transferencias correntes	4.497.225	2.748.001	41,3	28,3	-1.749.224	-38,9
V Ingresos patrimoniais	19.689	14.214	0,2	0,1	-5.475	-27,8
Operacións de capital	778.508	684.333	7,2	7,0	-94.175	-12,1
VI Alleamento de investimentos reais	49.400	26.520	0,5	0,3	-22.880	-46,3
VII Transferencias de capital	729.108	657.813	6,7	6,8	-71.295	-9,8
Total operacións non financeiras	8.836.673	8.542.353	81,2	88,0	-294.320	-3,3
Operacións financeiras	2.048.559	1.165.664	18,8	12,0	-882.895	-43,1
VIII Activos financeiros	765	20.755	0,0	0,2	19.990	2613,1
IX Pasivos financeiros	2.047.794	1.144.909	18,8	11,8	-902.885	-44,1
Total	10.885.232	9.708.017	100	100	-1.177.215	-10,8

	Gastos					
	2010	2011	2010	2011	11/10	
	(en miles de €)		valor relativo		importe	
			(%)		(en miles de €)	(%)
Operacións correntes	7.782.164	7.485.550	71,5	77,1	-296.614	-3,8
I Gastos de persoal	3.772.525	3.615.845	34,7	37,2	-156.680	-4,2
II Gastos en bens correntes e servizos	1.378.309	1.345.698	12,7	13,9	-32.611	-2,4
II Gastos financeiros	157.376	195.736	1,4	2,0	38.360	24,4
IV Transferencias correntes	2.473.954	2.328.271	22,7	24,0	-145.683	-5,9
Operacións de capital	2.406.940	1.603.078	22,1	16,5	-803.862	-33,4
V Fondo de continxencia	62.008	77.820	0,6	0,8	15.812	25,5
VI Investimentos reais	1.250.893	804.268	11,5	8,3	-446.625	-35,7
VII Transferencias de capital	1.156.047	798.810	10,6	8,2	-357.237	-30,9
Total operacións non financeiras	10.251.112	9.166.449	94,2	94,4	-1.084.663	-10,6
Operacións financeiras	634.120	541.568	5,8	5,6	-92.552	-14,6
VIII Activos financeiros	118.139	131.908	1,1	1,4	13.769	11,7
IX Pasivos financeiros	515.981	409.660	4,7	4,2	-106.321	-20,6
Total	10.885.232	9.708.017	100	100	-1.177.215	-10,8

Fonte: Xunta de Galicia

■ 1.3.4.

de euros, redúcense por primeira vez (un 4,2% menos que os previstos no orzamento do ano 2010), e representan o 37,2% dos gastos totais, e os investimentos, cun importe de 804,3 millóns de euros, o 8,2% dos gastos. As transferencias ao sector privado, tras unha merma do 9,4%, acadan un total de 1.925,1 millóns de euros (o 19,8% do gasto) e as transferencias ao sector público, tras reducirse un 20,1%, situáronse nos 1.202 millóns de euros (o 12,4% do presuposto consolidado).

Os gastos por operacións correntes acadaron os 7.485,5 millóns de euros, un 3,8% (296,6 millóns de euros) menos que o estimado nos presupostos

de 2010. Os gastos por transferencias correntes experimentan unha redución do 5,9%, (145,7 millóns de euros) e acadan os 2.328,3 millóns de euros.

No que atinxe aos gastos non financeiros de capital, 1.603,1 millóns de euros, estes diminúen respecto aos orzamentos anteriores un 33,4% (803,8 millóns de euros). Os investimentos reais o fixeron un 35,7% (446,6 millóns de euros), acadando os 804,3 millóns de euros, e as transferencias de capital diminuíron nun 30,9% (357,2 millóns de euros), ascendendo aos 798,8 millóns de euros.

Orzamento consolidado de gastos da C.A. 2008-11: distribución funcional								
Funcións	2008		2009		2010		2011	
	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)
1 Actuacións de carácter xeral	261.929	2,3	273.169	2,3	240.966	2,2	236.914	2,4
11 Alta dirección da Com. Autónoma	45.788	0,4	46.013	0,4	41.534	0,4	39.100	0,4
12 Administración Xeral	79.505	0,7	74.930	0,6	71.892	0,7	71.796	0,7
13 Xustiza	99.167	0,9	105.132	0,9	99.465	0,9	106.292	1,1
14 Administración local	13.858	0,1	12.474	0,1	10.559	0,1	8.631	0,1
15 Normalización lingüística	23.611	0,2	21.770	0,2	17.515	0,2	11.095	0,1
16 Procesos electorais e órganos de representación política	-	-	12.850	0,1	-	-	-	-
2 Protección civil e seguridade cidadá	27.934	0,2	26.754	0,2	24.127	0,2	21.582	0,2
23 Protección civil e seguridade	27.934	0,2	26.754	0,2	24.127	0,2	21.582	0,2
3 Protección e promoción social	904.336	7,8	1.002.731	8,5	1.033.265	9,5	975.019	10,0
31 Acción social el promoción social	514.457	4,5	570.087	4,8	636.726	5,8	612.677	6,3
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	378.673	3,3	420.980	3,6	386.792	3,6	354.476	3,7
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	11.206	0,1	11.664	0,1	9.746	0,1	7.866	0,1
4 Producción de bens públicos de carácter social	6.463.467	55,9	6.707.292	56,9	6.553.731	60,2	6.084.283	62,7
41 Sanidade	3.638.876	31,5	3.766.769	31,9	3.728.275	34,3	3.545.214	36,5
42 Educación	2.304.468	19,9	2.404.450	20,4	2.379.152	21,9	2.222.223	22,9
43 Cultura	147.275	1,3	141.565	1,2	120.443	1,1	82.591	0,9
44 Deportes	41.944	0,4	41.256	0,3	34.863	0,3	22.755	0,2
45 Vivenda	195.118	1,7	210.970	1,8	162.830	1,5	97.689	1,0
46 Outros servizos comunit. e sociais	135.786	1,2	142.282	1,2	128.168	1,2	113.811	1,2
5 Producción de bens públ. de carácter económico	1.236.511	10,7	1.326.031	11,2	1.207.748	11,1	891.870	9,2
51 Infraestruturas	535.683	4,6	596.218	5,1	518.158	4,8	346.357	3,6
52 Ordenación do territorio	52.661	0,5	51.171	0,4	50.451	0,5	31.150	0,3
53 Promoción do solo para actividades económicas	17.850	0,2	20.760	0,2	17.278	0,2	8.143	0,1
54 Actuacións ambientais	274.768	2,4	295.114	2,5	243.855	2,2	193.000	2,0
55 Actuacións e valorización do medio rural	186.705	1,6	181.250	1,5	187.634	1,7	134.974	1,4
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	131.327	1,1	142.857	1,2	134.543	1,2	114.295	1,2
57 Sociedade da información e do coñecemento	31.252	0,3	32.648	0,3	50.557	0,5	59.384	0,6
58 Información estatística básica	6.265	0,1	6.013	0,1	5.273	0,0	4.567	0,0
6 Regulación económica de carácter xeral	130.547	1,1	129.465	1,1	134.422	1,2	134.422	1,4
61 Actuacións económicas xerais	37.790	0,3	39.711	0,3	39.344	0,4	32.395	0,3
62 Actividades financeiras	92.757	0,8	89.753	0,8	95.078	0,9	57.490	0,6
7 Regulación económica de sectores produtivos e dto. empresarial	955.999	8,3	962.453	8,2	891.517	8,2	891.517	9,2
71 Dinamización económica do medio rural	406.665	3,5	408.825	3,5	395.027	3,6	321.676	3,3
72 Pesca	187.885	1,6	173.833	1,5	153.625	1,4	129.669	1,3
73 Industria, enerxía e minaría	59.660	0,5	61.379	0,5	54.366	0,5	35.814	0,4
74 Desenvolvemento empresarial	191.189	1,7	204.801	1,7	177.820	1,6	122.874	1,3
75 Comercio	33.774	0,3	35.225	0,3	31.644	0,3	20.983	0,2
76 Turismo	76.826	0,7	78.391	0,7	79.036	0,7	52.591	0,5
8 Transferencias a entidades locais	956.089	8,3	971.884	8,2	126.878	1,2	119.679	1,2
81 Transferencias a entidades locais	956.089	8,3	971.884	8,2	126.878	1,2	119.679	1,2
9 Débeda pública	619.309	5,4	393.044	3,3	672.577	6,2	605.176	6,2
91 Débeda pública	619.309	5,4	393.044	3,3	672.577	6,2	605.176	6,2
Total	11.556.124	100	11.792.823	100	10.885.232	100	9.708.017	100

Fonte: Xunta de Galicia

■ 1.3.5.

Dende o punto de vista da súa distribución funcional, **cadro 1.3.5.**, a parte máis importante do orzamento consolidado corresponde á produción de bens públicos de carácter social, ao acoller o 62,7% do presuposto consolidado. Dentro desta función salientan a sanidade e a educación, que supoñen o 36,5% (3.545,2 millóns de euros) e 22,9% (2.222,2 millóns de euros) do presuposto, respectivamente.

Análise das actuacións previstas

Con destino á realización de investimentos reais por parte da Administración Xeral, os orzamentos do ano 2011 consignan créditos por importe de 677,5 millóns de euros. O capítulo VI representa o 7,6% do gasto non financeiro da Administración xeral, e constitúe unha parte do esforzo investidor da Comunidade Autónoma,

**Transferencias correntes, investimentos reais e transferencias de capital da C.A. 2011:
distribución orgánica**

	Transferencias correntes Cap. IV	Investimentos reais Cap. VI	Transferencias de capital Cap. VII
	<i>(en miles de €)</i>		
Administración Xeral	4.658.107,0	677.495,0	870.386,0
Parlamento	2.626,0	538,0	18,0
Consello de Contas	3,0	784,0	-
Consello da Cultura Galega	35,0	234,0	-
Presidencia da Xunta	31.103,0	45.944,0	19.707,0
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	33.155,0	9.317,0	13.887,0
Facenda	11.433,0	3.387,0	7.920,0
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	41.100,0	299.829,0	168.828,0
Economía e Industria	43.832,0	6.990,0	174.921,0
Educación e Ordenación Universitaria	563.862,0	53.706,0	43.025,0
Sanidade	3.229.158,0	25.602,0	64.954,0
Cultura e Turismo	27.063,0	22.859,0	50.609,0
Traballo e Benestar	536.350,0	18.487,0	10.153,0
Medio Rural	15.789,0	135.194,0	218.285,0
Mar	2.769,0	41.705,0	98.077,0
Consello Consultivo de Galicia	-	133,0	-
Transferencias a CC.LL.	114.324,0	-	-
Débeda Pública	-	-	-
Gastos Diversas Consellerías	5.505,0	12.785,0	-
Organismos Autónomos	933.657	84.599	97.372
Escola Galega de Administración Pública	80	208	-
Instituto Galego de Estatística	-	970	-
Servicio Galego de Saúde	932.929	64.427	527
Academia Galega de Seguridade Pública	-	73	-
Augas de Galicia	370	16.846	96.508
Instituto Galego de Consumo	268	583	337
Tribunal Galego de Defensa da Competencia	10	-	-
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	-	331	-
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	-	1.160	-
Total orzamento bruto	5.591.764,0	762.094,0	967.758,0
Total transferencias internas	3.263.493,0	-42.174,0	168.948,0
Total <i>(en miles de €)</i>	2.328.271,0	804.268,0	798.810,0

Fonte: Xunta de Galicia

1.3.6.

que se completa cos investimentos financiados a través das transferencias de capital da Administración xeral, co realizado polos Organismos Autónomos, Servizo Galego de Saúde e Instituto Galego de Vivenda e Solo fundamentalmente, e polo investimento do sector público empresarial da Comunidade Autónoma. A maior parte dos créditos que a Administración xeral dedica a investimento real, un 64,3%, está destinada a investimento novo e moi especialmente á realización de infraestruturas, ás que se dedican 341,8 millóns de euros. O investimento de reposición absorbe un 9% dos créditos totais, e un 1,9% as infraestruturas básicas de apoio aos sistemas produtivos.

As transferencias de capital no orzamento consolidado ascenden a 798,8 millóns de euros, un 30,9% inferiores ás consignadas no orzamento do anterior exercicio. As transferencias da Administración Xeral nos orzamentos do ano 2011, ascenden a 870,4 millóns de euros, reducíndose en máis de 418 millóns de euros en relación ao ano anterior. O sector público, e moi especialmente o sector público da Comunidade Autónoma, resulta o maior destinatario destas transferencias, absorbendo o 59,9% do total.

Dentro do mesmo sector público compre salientar as transferencias realizadas en favor das Corporacións Locais, con créditos por importe de

Transferencias de capital e transferencias correntes da C.A. 2011: distribución segundo clave de financiamento

	Transferencias de Capital		Transferencias Correntes	
	(en €)	(%)	(en €)	(%)
Administración Xeral	870.385.542	100	4.658.107.161	100
Fondos Propios	440.663.157	50,6	4.332.397.267	93,0
libres	396.538.405	45,6	4.322.622.241	92,8
que cofinancian	37.096.036	4,3	9.775.026	0,2
que cofinancian non elexible	1.546.500	0,2	-	-
Fondo compensación ambiental. FCA libre	5.482.216	0,6	-	-
F.C.I.	53.304.363	6,1	-	-
FCI libre	5.590.651	0,6	-	-
FCI que cofinancia	47.713.712	5,5	-	-
FEDER	110.028.137	12,6	-	-
2007-13	110.028.137	12,6	-	-
FEADER	82.118.126	9,4	-	-
FEADER	82.118.126	9,4	-	-
FEAGA	50.000.000	5,7	-	-
FEAGA	50.000.000	5,7	-	-
Transferencias finalistas	82.224.545	9,4	287.096.126	6,2
do Estado	30.135.727	3,5	287.096.126	6,2
PXE que cofinancia	49.823.651	5,7	-	-
PXE que cofinancia non elexible	2.265.167	0,3	-	-
FEP	51.753.812	5,9	-	-
FEP	51.753.812	5,9	-	-
Fondo Social Europeo	-	-	38.183.368	0,8
2007-13	-	-	38.183.368	0,8
Outros	293.402	0,0	430.400	0,0
Interreg IV-C	16.303	0,0	12.543	0,0
Outros fondos europeos	-	-	417.857	0,0
Interreg IV-B	277.099	0,0	-	-
Organismos Autónomos	217.076.305	100	947.106.839	100
Fondos Propios	66.452.384	30,6	941.849.543	99,4
libres	28.983.859	13,4	941.849.543	99,4
FCA cofinancia elexible	10.117.138	4,7	-	-
FCA condicionado	27.351.387	12,6	-	-
FCAcondicionado que cofinancia elexible corr	1.183.140	0,5	-	-
Fondo compensación ambiental. FCA libre	6.364.393	2,9	-	-
FEAGA	47.589.463	21,9	-	-
FEAGA	47.589.463	21,9	-	-
FEADER	21.056.701	9,7	-	-
FEADER	21.056.701	9,7	-	-
FEDER	38.127.354	17,6	-	-
2007-13	38.127.354	17,6	-	-
Interreg	-	-	-	-
Transferencias finalistas	25.785.649	11,9	5.257.296	0,6
doutras Administracións	258.074	0,1	-	-
outras transferencias finalistas	-	-	-	-
da Administración do Estado	18.243.750	8,4	5.257.296	0,6
Fondos finalistas Estado COFIN elexible	7.283.825	3,4	-	-
F.C.I.	18.064.754	8,3	-	-
libres	4.750.264	2,2	-	-
que cofinancian	13.314.490	6,1	-	-

Fonte: Xunta de Galicia

■ 1.3.7.

53,7 millóns de euros que corresponden á subscrición de convenios e concesión de subvencións. Os programas vinculados á dinamización económica do medio rural, ao desenvolvemento empresarial, a actuacións de carácter medioambiental, a pesca e a sanidade son os principais destinatarios das transferencias de capital.

Os gastos no orzamento consolidado derivados de transferencias correntes redúcense un 5,9% (145,7 millóns de euros) sobre o 2010. O sector público autonómico absorbe o 79,7% dos créditos de transferencias correntes, as Corporacións Locais, o 6% e o sector privado, formado polas empresas, familias e institucións sen ánimo de lucro reciben un 14,2%.

O Servizo Galego de Saúde é o maior destinatario das transferencias do capítulo IV, xa que recibe a través da Consellería de Sanidade 3.229,2 millóns de euros. O segundo lugar en importancia cuantitativa é o formado polas transferencias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, cun importe de 563,9 millóns de euros, e polas transferencias de servizos sociais a cargo da Consellería de Traballo e Benestar. As Corporacións Locais ocupan o terceiro lugar en importancia polo volume das transferencias recibidas.

Indicadores da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma

O **cadro 1.3.8.** presenta como indicadores básicos orzamentarios o aforro ou desaforro orzamentario, o saldo das operacións de capital e o resultado non financeiro do ano 2011 en relación ao ano 2010.

O aforro/desaforro orzamentario resultado da execución orzamentaria, isto é a diferenza entre ingresos e gastos correntes, no ano 2011 acadou os -112 millóns de euros, fronte ao saldo positivo de 20,9 millóns de euros acadado no ano 2010. Isto é consecuencia da desfavorable evolución dos ingresos correntes, a pesar do esforzo de contención nos gastos correntes, que se reducion nun 12,5% en relación ao ano anterior, os

dereitos recoñecidos asociados aos capítulos de ingreso corrente son un 7,6% inferiores aos inicialmente presupostados.

No que respecta ás operacións de capital, o saldo entre ingresos e gastos de capital foi un 41,7% menos negativo no ano 2011, este saldo negativo acadou os 581 millóns de euros. Como consecuencia, o resultado non financeiro do orzamento executado no ano 2011 foi negativo en 693 millóns de euros, sendo no exercicio precedente tamén negativo cun saldo de 976 millóns de euros.

É importante destacar que o resultado non financeiro no orzamento consolidado inicial é de -624,1 millóns de euros, 69,2 millóns de euros de déficit menos que no orzamento executado. Isto é consecuencia de que os gastos non financeiros iniciais son superiores aos os gastos non financeiros do orzamento executado, aínda que os ingresos non financeiros executados son inferiores aos iniciais.

O desaxuste existente entre gastos iniciais e o executado ven explicado, na súa maior parte, pola evolución dos ingresos correntes. Neste senso o executado no exercicio orzamentario do ano 2011 en base aos cinco capítulos de gastos correntes foron inferiores en case 600 millóns de euros aos créditos do orzamento inicial.

A débeda acumulada no ano 2011 en Galicia (referida ao cuarto trimestre de cada ano), segundo o avance do Banco de España, ascendeu ata 7.009 millóns de euros, o que representa o 5% da débeda total española. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, Galicia é a sexta das que rexistra un menor incremento da súa débeda en relación ao mesmo período do ano anterior (13,8% no 2010-11 fronte ao 27,2% de incremento no período 2009-10). Todas as CC.AA. diminúen de forma moi significativa as taxas de incremento da súa débeda pública acumulada. No conxunto do Estado, o incremento experimentado foi do 17,3% (31,7% no período 2009-10).

En termos relativos, a relación entre o endebe-

Indicadores da actividade económica-financieira da C.A. 2010-11

	Orzamentos iniciais			Executado (1)		
	2010 (en millóns de €)	2011 (en millóns de €)	11/10 (%)	2010 (en millóns de €)	2011 (en millóns de €)	11/10 (%)
Ingresos correntes	8.058,2	7.858,0	-2,48	8.447,7	7.258,4	-14,08
Gastos correntes	7.782,2	7.485,6	-3,81	8.426,8	7.370,4	-12,54
Aforo orzamentario	276,0	372,5	34,95	20,9	-112,0	-636,03
Ingresos de capital	778,5	684,3	-12,10	811,9	781,9	-3,70
Gastos de capital	2.406,9	1.603,1	-33,40	1.808,8	1.363,2	-24,63
Saldo operacións de capital	-1.628,4	-918,7	-43,58	-996,8	-581,3	-41,69
Ingresos non financeiros	8.836,7	8.542,4	-3,33	9.259,6	8.040,3	-13,17
Gastos non financeiros	10.251,1	9.166,4	-10,58	10.235,6	8.733,6	-14,67
Resultado non financeiro	-1.414,4	-624,1	-55,88	-976,0	-693,3	-28,96
Ingresos non financ. / Gastos non financ. (%)	86,20	93,19	-2,08	90,47	92,06	1,77

(1) no caso dos ingresos tómanse como referencia os dereitos recoñecidos netos e no caso dos gastos as obrigas recoñecidas netas

Fonte: Xunta de Galicia

■ 1.3.8.

Débeda das CC.AA. 2010-11 (1)

	2010			2011		
	débeda acumulada (en millóns de €)	débeda / habitante (2) (en €)	débeda / PIB (%)	débeda acumulada (en millóns de €)	débeda / habitante (2) (en €)	débeda / PIB (%)
Andalucía	12.179	1.454,91	8,5	14.314	1.699,17	9,8
Aragón	2.901	2.153,52	8,9	3.403	2.527,68	10,2
Asturias	1.701	1.568,69	7,4	2.155	1.992,63	9,1
Baleares	4.135	3.738,53	15,5	4.432	3.981,62	16,3
Canarias	3.298	1.556,75	8,0	3.718	1.748,19	8,8
Cantabria	992	1.674,97	7,3	1.293	2.179,99	9,3
Castela - A Mancha	5.819	2.773,10	16,2	6.587	3.113,93	18,0
Castela e León	4.304	1.681,57	7,5	5.476	2.140,35	9,4
Cataluña	34.229	4.556,35	17,3	41.778	5.541,13	20,7
Extremadura	1.747	1.577,83	9,6	2.021	1.821,76	10,9
Galicia	6.161	2.202,2	11,1	7.009	2.507,3	12,3
Madrid	13.491	2.088,82	7,1	15.447	2.380,24	7,9
Murcia	2.107	1.441,20	7,7	2.806	1.908,75	10,1
Navarra	1.692	2.656,52	9,1	2.446	3.809,67	12,9
País Vasco	5.015	2.302,21	7,5	5.536	2.534,10	8,1
A Ríoxa	726	2.251,76	9,2	900	2.786,77	11,2
C. Valenciana	18.963	3.709,72	18,6	20.762	4.057,30	19,9
Total	119.460	2.549,06	11,4	140.083	2.978,61	13,1

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre de cada ano; inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.

(2) datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: Banco de España

■ 1.3.9.

Déficit das CC.AA. 2010-12 ⁽¹⁾

	2010	2011 (2)	2012 (3)
Andalucía	-3,12	-3,22	-1,40
Aragón	-2,94	-2,88	-1,30
Asturias	-2,73	-3,64	-1,19
Baleares	-4,09	-4,00	-1,30
Canarias	-2,35	-1,80	-1,40
Cantabria	-3,01	-4,00	-2,60
Castela e León	-2,32	-2,59	-1,50
Castela - A Mancha	-6,07	-7,31	-1,50
Cataluña	-4,28	-3,70	-1,40
C. Valenciana	-3,60	-4,50	-1,30
Extremadura	-2,51	-4,59	-1,30
Galicia	-2,34	-1,61	-1,30
Madrid	-0,73	-2,21	-1,30
Murcia	-4,83	-4,33	-1,32
Navarra	-3,11	-1,88	-1,30
País Vasco	-2,49	2,56	1,27
A Ríoxa	-3,01	-1,61	0,21
Total	-2,94		

(1) déficit público en porcentaxe do PIB rexional, base 2008

(2) cálculo en base as previsións de liquidación de cada C.A.

(3) orzamento inicial

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas

■ 1.3.10.

damento e o PIB aumentou ata o 12,3%, sendo esta porcentaxe do 13,1% no conxunto do Estado. O endebedamento por habitante amosou un comportamento similar ao período anterior, continuando o seu ascenso ata acadar os 2.507,3 euros, situándose sen embargo, por debaixo da media estatal, que foi de 2.978,6 euros por persoa.

A evolución do endebedamento das CC.AA., en base ao límite establecido nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira, tal como se mostra no **cadro 1.3.10.**, sitúa a Galicia cunha porcentaxe do déficit sobre o PIB rexional do 1,61% en base á previsión de liquidación do orzamento de 2011.

O orzamento das sociedades públicas: entes públicos e sociedades mercantís

O orzamento de explotación das sociedades mercantís redúcese nun 48,4%, pasando de 485,9 no ano 2010 a 250,7 millóns de euros no exercicio de 2011, na mesma liña o orzamento de capital das ditas sociedades redúcese un 31,6%, acadando os 423,6 millóns de euros fronte aos 619,5

millóns de euros no ano anterior. No caso dos entes públicos, o seu orzamento de explotación redúcese un 20,7%, acadando os 216,4 millóns de euros en 2011, mentres que o de capital redúcese nun 39,6%, situándose nos 474,9 millóns de euros (**cadro 1.3.11.**).

No ano 2011, o endebedamento das empresas públicas en Galicia incrementouse un 8,4% respecto ao ano anterior. Se en 2010 a débeda acumulada ascendía a 214 millóns de euros, no último ano esta foi de 232 millóns de euros, o que representa o 0,4% do PIB galego. Segundo os datos do Banco de España, Galicia segue por baixo da rateo endebedamento/PIB rexistrada no conxunto do Estado, que é do 1,3% (**cadro 1.3.12.**).

Orzamento dos entes locais territoriais

A clasificación económica do orzamento consolidado das entidades locais galegas no ano 2010 (último ano dispoñible), mostra como os ingresos tributarios previstos nas entidades locais galegas para o citado ano representa aproximadamente o 50% dos ingresos correntes, mentres

Orzamentos das sociedades públicas 2009-11: sociedades mercantís e entes públicos

Sociedades mercantís						
	2009		2010		2011	
	Explotación	Capital	Explotación	Capital	Explotación	Capital
<i>(en miles de €)</i>						
Redes de Telecomunicación Galegas, Retegal, S.A.	11.311	619	11.424	11.329	12.795	250
Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.	3.226	30	3.421	3.436	1.922	50
Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.	9.899	25.288	12.036	12.036	10.775	4.571
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia	6.398	47.148	11.646	136.385	7.582	200.443
Sodiga Galicia. Sociedade de capital risco	5.138	-	1.262	22.246	1.704	18.598
Xes Galicia S. Xestora Entidades de Capital Risco, S.A.	4.496	1.702	2.207	2.207	1.797	50
Galicia Calidade, S.A.	4.130	1.462	3.665	3.665	1.653	500
Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.	-	-	-	-	2.078	7.750
S. A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia	749	-	255	412	78	-
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia	43.322	17.147	47.956	27.369	5.016	17.412
Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo	24.112	4.292	41.166	43.131	6.387	14.293
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	47.439	462	38.050	38.050	31.157	955
S.A. Xestora do Banco de Terras de Galicia	882	733	899	1.352	839	575
Sociedade o Desenvolvemento Comarcal de Galicia	7.219	197	7.066	6.500	5.719	462
Xenética Fontao, S.A.	4.023	309	4.707	4.769	3.812	300
Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	39.758	5.283	43.190	46.592	38.741	5.660
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	107.409	5.111	95.230	94.525	94.723	8.741
Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.	69.049	38	73.426	71.940	18.217	71.883
Xestión Urbanística de Lugo, S.A.	41.396	-	39.785	45.027	964	14.495
Xestión Urbanística de Ourense, S.A.	45.682	216	17.555	17.544	1.654	7.930
Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.	97.358	-	30.953	30.953	3.102	48.719
Total	572.996	110.037	485.899	619.468	250.715	423.637

Entidades públicas						
	2009		2010		2011	
	Explotación	Capital	Explotación	Capital	Explotación	Capital
<i>(en miles de €)</i>						
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Sociedades	134.067	8.512	27.305	141.659	79.489	46.256
Axencia Galega de Emerxencias	7.309	7.309	5.249	5.249	5.983	5.462
Centro Informático de Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable	23.734	23.879	16.636	16.648	18.140	6.950
Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos	4.425	186.590	4.235	191.022	3.824	89.124
Consello Económico e Social	1.312	1.314	1.169	1.331	788	-
Instituto Galego de Promoción Económica	124.336	306.405	117.820	309.818	40.831	263.321
Portos de Galicia	26.205	47.026	25.980	43.004	28.497	18.752
Instituto Enerxético de Galicia	19.290	19.592	21.839	23.540	27.788	14.624
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	39.294	39.294	42.170	42.170	3.127	26.852
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	5.646	5.646	5.636	5.636	3.249	3.033
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	4.001	5.151	3.518	5.265	3.297	562
Consello Galego de Relacións Laborais	1.651	1.651	1.448	1.554	1.363	14
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	6.524	55.293	-	-	-	-
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	2.250	93	-	-	-	-
Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria	2.812	166	-	-	-	-
Fundación Pública Urxencias Sanitarias Galicia - 061	46.626	1.056	-	-	-	-
Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia	24.913	544	-	-	-	-
Fundación Pública de Medicina Xenómica	2.932	1.032	-	-	-	-
Total	477.327	710.553	273.005	786.896	216.377	474.949

Fonte: Xunta de Galicia

■ 1.3.11.

Débeda das empresas públicas das CC.AA. 2010-11 ⁽¹⁾

	2010		2011	
	débeda acumulada	débeda / PIB	débeda acumulada	débeda / PIB
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)
Andalucía	599	0,4	714	0,5
Aragón	464	1,4	477	1,4
Asturias	279	1,2	321	1,4
Baleares	678	2,5	666	2,4
Canarias	244	0,6	224	0,5
Cantabria	35	0,3	36	0,3
Castela - A Mancha	939	2,6	378	1,0
Castela e León	349	0,6	410	0,7
Cataluña	6.434	3,3	6.368	3,2
Extremadura	18	0,1	22	0,1
Galicia	214	0,4	232	0,4
Madrid	1.482	0,8	1.678	0,9
Murcia	-	0,0	-	0,0
Navarra	323	1,7	74	0,4
País Vasco	598	0,9	601	0,9
A Ríoxa	3	0,0	1	0,0
C. Valenciana	1.702	1,7	1.671	1,6
Total	14.361	1,4	13.873	1,3

(1) datos correspondientes ao 4º trimestre de cada ano; as unidades que se recollen aquí como Empresas Públicas son os principais organismos non administrativos, entes e empresas non clasificadas como Comunidades Autónomas.

Fonte: Banco de España

■ 1.3.12.

Orzamentos consolidados das entidades locais en Galicia e España 2010: clasificación económica

Ingresos

	Galicia	España	Galicia / España
	(en miles de euros)		(%)
Operacións correntes	2.367.369	63.269.547	3,74
Impostos directos	701.612	22.696.090	3,09
Impostos indirectos	112.816	8.474.618	1,33
Taxas e outros ingresos	450.185	10.969.401	4,10
Transferencias correntes	1.053.326	19.196.921	5,49
Ingresos patrimoniais	49.430	1.932.517	2,56
Operacións de capital	256.361	6.529.862	3,93
Enaxenación de investimentos reais	45.536	1.963.714	2,32
Transferencias de capital	210.826	4.566.147	4,62
Total operacións non financeiras	2.623.729	69.799.408	3,76
Operacións financeiras	181.378	5.014.618	3,62
Activos financeiros	8.012	335.945	2,38
Pasivos financeiros	173.366	4.678.674	3,71
Total	2.805.107	74.814.027	3,75

Gastos

	Galicia	España	G / E
	(en miles de euros)		(%)
Operacións correntes	2.045.955	57.420.845	3,56
Gastos de persoal	921.042	21.274.192	4,33
Gastos en bens correntes e de servizos	933.589	19.663.273	4,75
Gastos financeiros	31.640	1.247.728	2,54
Transferencias correntes	159.685	15.235.652	1,05
Operacións de capital	633.687	13.725.840	4,62
Investimentos reais	595.920	12.496.910	4,77
Transferencias de capital	37.766	1.228.930	3,07
Total operacións non financeiras	2.679.642	71.146.685	3,77
Operacións financeiras	122.702	3.247.296	3,78
Activos financeiros	8.464	322.193	2,63
Pasivos financeiros	114.238	2.925.102	3,91
Total	2.802.344	74.393.981	3,77

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas

■ 1.3.13.

Orzamentos consolidados das entidades locais nas CC.AA. 2010: ingresos e gastos

	Ingresos				
	Total	Operacións correntes	Operacións de capital	Operacións non financeiras	Operacións financeiras
Andalucía	33.737.698	26.303.143	1.964.483	28.267.626	5.470.072
Aragón	5.720.410	4.500.441	283.073	4.783.515	936.895
Asturias	4.600.098	3.465.440	413.490	3.878.930	721.168
Baleares	3.395.956	2.650.921	51.582	2.702.502	693.454
Canarias	8.119.494	5.630.563	656.328	6.286.891	1.832.603
Cantabria	2.459.347	1.936.922	88.135	2.025.057	434.289
Castela e León	10.575.537	8.322.206	793.695	9.115.901	1.459.636
Castela-A Mancha	9.612.750	7.801.695	642.812	8.444.507	1.168.243
Cataluña	32.874.319	23.111.283	313.649	23.424.932	9.449.387
C. Valenciana	14.876.181	12.401.853	210.965	12.612.817	2.263.364
Extremadura	5.620.630	4.360.422	499.244	4.859.666	760.964
Galicia	11.685.928	8.858.951	778.418	9.637.369	2.048.559
Madrid	19.211.408	16.678.780	386.363	17.065.143	2.146.265
Murcia	5.065.552	3.965.668	306.107	4.271.775	793.777
Navarra	4.409.227	3.860.421	30.625	3.891.046	518.181
País Vasco	10.334.055	8.023.888	248.854	8.272.742	2.061.313
A Ríoxa	1.353.062	1.091.130	49.797	1.140.927	212.135
Ceuta	267.160	228.436	16.305	244.741	22.419
Melilla	241.801	197.456	21.570	219.026	22.775
Total	183.651.653	142.963.727	7.717.620	150.681.347	32.970.306

	Gastos				
	Total	Operacións correntes	Operacións de capital	Operacións non financeiras	Operacións financeiras
Andalucía	33.737.698	25.189.601	7.113.045	32.302.646	1.435.052
Aragón	5.720.410	4.498.129	988.443	5.486.573	233.837
Asturias	4.600.098	3.443.007	973.037	4.416.044	184.054
Baleares	3.395.956	2.650.129	674.323	3.324.452	71.504
Canarias	8.119.494	6.290.781	1.204.485	7.495.266	624.228
Cantabria	2.459.347	1.921.107	477.099	2.398.206	61.141
Castela e León	10.575.537	7.834.008	2.530.439	10.364.447	211.090
Castela-A Mancha	9.612.750	7.695.384	1.870.566	9.565.950	46.800
Cataluña	32.874.319	27.142.772	2.429.410	29.572.183	3.302.137
C. Valenciana	14.876.181	12.353.335	2.090.558	14.443.893	432.288
Extremadura	5.620.630	4.329.758	1.187.346	5.517.104	103.526
Galicia	11.685.928	8.644.959	2.406.850	11.051.808	634.120
Madrid	19.211.408	16.787.568	1.595.437	18.383.005	828.403
Murcia	5.065.552	4.247.798	727.987	4.975.785	89.767
Navarra	4.409.227	3.352.623	1.038.522	4.391.145	18.082
País Vasco	10.334.055	8.578.794	1.539.215	10.118.009	216.046
A Ríoxa	1.353.062	1.065.249	267.484	1.332.733	20.329
Ceuta	267.160	224.111	32.526	256.637	10.523
Melilla	241.801	192.057	38139,83	230.197	11.604
Total	183.651.653	146.025.002	29.114.247	175.139.249	8.512.405

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas

■ 1.3.14.

que esta porcentaxe acada o 62% de media no conxunto do Estado, o que reflicte a escasa capacidade das entidades locais de financiarse a través de tributos cedidos, sendo necesario que o 50% do total dos ingresos non financeiros se ingresen fundamentalmente a través de transferencias correntes e de capital, fronte ao 38% de media no conxunto do Estado (cadro 1.3.13.).

En relación aos gastos, destaca que o 4,8% dos investimentos reais do conxunto das entidades locais estatais está realizado en Galicia.

En comparación co resto de comunidades, o **cadro 1.3.14.** mostra que Galicia se mantén no quinto lugar en volume de ingresos e gastos orzamentarios previstos polo conxunto das entidades locais no ano 2010.

Recadación tributaria aplicada en Galicia e España 2009-10

	2010		2011		11/10	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(en miles de €)				(%)	
Impostos directos	3.425.875	85.827.259	3.493.619	88.572.317	2,0	3,2
IRPF	2.474.395	66.977.058	2.546.849	69.803.319	2,9	4,2
Impostos sobre sociedades	894.619	16.197.767	881.073	16.610.687	-1,5	2,5
Imposto sobre a renda de non residentes	55.338	2.563.967	64.763	2.040.288	17,0	-20,4
Resto capítulo I	1.523	88.467	934	118.023	-38,7	33,4
Impostos indirectos	1.852.449	71.893.250	2.082.302	71.249.972	12,4	-0,9
IVE	1.733.370	49.086.354	1.965.785	49.301.991	13,4	0,4
Impostos especiais	35.142	19.806.199	37.666	18.983.234	7,2	-4,2
Tráfico exterior	81.794	1.521.590	76.059	1.531.177	-7,0	0,6
Taxas e outros ingresos	52.989	1.815.728	55.479	1.937.705	4,7	6,7
Total	5.331.313	159.536.237	5.631.400	161.759.994	5,6	1,4

Fonte: Agencia Tributaria

■ 1.3.15.

Indicadores económicos de Galicia en termos de recadación tributaria

A recadación líquida total en Galicia creceu no último ano un 5,6% respecto ao ano anterior, acadando os 5.631,4 millóns de euros, manténdose o seu peso relativo no total estatal no 3,5%. En termos absolutos, o **cadro 1.3.15.** indica que a recadación do IRPF acadou os 2.546,8 millóns de euros, o IVE os 1.965,8 millóns de euros e o imposto de sociedades os 881,1 millóns. O 81,7% dos ingresos tributarios do ano 2011 proceden da recadación destes tres impostos.

Os ingresos tributarios en Galicia experimentan no ano 2011 un incremento do 5,6% (1,4% a nivel estatal), moi por debaixo do incremento acadado no ano 2010, que foi do 22,4%. Comparado co ano anterior, cómpre salientar o incremento da recadación experimentada polo IRPF, con 72,4 millóns de euros máis (2,9% máis que en 2010), e mailo IVE, con 232,4 millóns de euros máis (13,4%), así como o descenso da recadación do imposto de sociedades, con 13,5 millóns de euros menos (1,5% menos).

O aumento dos ingresos tributarios é consecuencia fundamentalmente do impulso recaudatorio das medidas de consolidación fiscal con repercusión no exercicio 2011. Entre estas cabe sinalar a subida do tipo de tipo de IVE de xullo

de 2010, compensada en parte pola rebaixa do tipo para vivenda ao 4%, a eliminación da dedución dos 400 euros no IRPF, así como a supresión da dedución por nacemento, compensada en parte pola perda de retencións do traballo asociada á rebaixa dos salarios públicos e as subidas dos tipos do imposto especial sobre o tabaco.

Atendendo á recadación das distintas delegacións da Axencia Tributaria en Galicia, cómpre salientar que A Coruña é a que presenta a maior recadación, con 3.293,5 millóns de euros, 218,1 millóns máis que no ano precedente (7,1%). As delegacións galegas presentan aumentos na recadación tributaria, agás a de Ourense, cunha recadación no ano 2011 un 1,6% inferior á do ano 2010. ■

1.4.

Evolución demográfica

O número de habitantes residentes en Galicia mantense practicamente constante ao longo do 2011, acadando as 2.795.422 persoas empadroadas a un de xaneiro de 2011, 2.231 persoas menos que na mesma data do ano anterior. Tendo en conta a medra da poboación no conxunto do Estado, no último ano continúa o deterioro do peso relativo da poboación galega no total estatal (5,92%).

Esta lixeira redución no número de habitantes séguese a concentrar nas provincias de Lugo e Ourense e non ten compensación no leve incremento que se produce no número de residentes de nacionalidade estranxeira. Mentres que a poboación nacional empadroada reduciuse en 2.231 persoas, a poboación estranxeira incrementouse en 474 persoas. Con todo, a poboación foránea representa soamente o 4% da poboación total galega, sendo esta porcentaxe 8,2 puntos porcentuais inferior á rexistrada de media en España. A importancia relativa da poboación estranxeira de Galicia no conxunto do Estado foi do 1,9% (110.468 persoas).

O primeiro semestre do ano 2011 rexistrou menos nacementos que o primeiro semestre do ano anterior. Galicia continúa cun saldo vexetativo negativo, que se sitúa en -5.153 no primeiro semestre do ano 2011, a cifra máis elevada do conxunto do Estado onde só cinco comunidades teñen un saldo vexetativo negativo no período analizado, así mesmo, a comunidade autónoma galega sitúase como a segunda coa taxa bruta de mortalidade máis alta, tras Asturias, e, tamén tras Asturias, é a segunda coa taxa bruta de natalidade máis baixa.

Estrutura e distribución da poboación

A poboación empadroada en Galicia a 1 de xaneiro de 2011 caeu un 0,1% respecto á mesma data do ano anterior, acadando os 2.795.422 (2.231 persoas menos que en xaneiro de 2010). A poboación empadroada no conxunto do Estado continúa medrando (0,4%), polo que o peso relativo da poboación galega no total estatal volveu a descender ao longo do último ano: representa o 5,92% en xaneiro de 2011, fronte

ao 5,95% do total rexistrado o ano anterior.

A mesma tendencia rexístrase tanto no caso dos galegos como das galegas, que, a un de xaneiro de 2011, representan o 5,80% dos homes e o 6,05% das españolas, cando no mesmo período do ano anterior, estas porcentaxes ascendían ao 5,81% e 6,08%, respectivamente.

Analizando a evolución demográfica en Galicia e España dende o ano 2000 ata a actualidade observamos como, fronte a un incremento do 14,2% da poboación española, a poboación galega só se incrementa nun 2,3%, pasando de representar o 6,7% da poboación española no ano 2000 ao xa citado 5,92% no ano 2011.

Un ano máis, rexístrase unha lixeira medra da concentración da poboación nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Esta última provincia volve a rexistrar o maior crecemento, con 1.039 residentes máis, sendo a medra de 666 persoas no caso de A Coruña. Pola contra, o número de habitantes empadroados en Lugo e Ourense, descende, con 1.974 e 1.962 habitantes menos, respectivamente, de xeito que o 75,5% da poboación galega reside en municipios das provincias de A Coruña e Pontevedra.

O volume de poboación maior de 65 anos incrementábase no ano 2011 en relación ao ano anterior. O Padrón municipal de habitantes indica que o primeiro de xaneiro de 2011 estaban empadroados en Galicia un total de 594.361 persoas cunha idade superior aos 65 anos, 7.824 persoas máis que na mesma data do ano anterior, o que representa o 21,3% da poboación galega. O 68,7% da poboación maior de 65 anos reside nas provincias de A Coruña e Pontevedra, sen embargo son as provincias de Ourense e Lugo co 27,6% e o 26,7%, as que teñen unha maior porcentaxe de poboación con idades superiores aos 65 anos.

O número de nenos menores de dez anos aumentou en Galicia en 296 habitantes, acadando os 220.227, o 7,9% da poboación galega.

	2010		
	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	8.370.975	4.144.856	4.226.119
Aragón	1.347.095	673.177	673.918
Asturias	1.084.341	520.402	563.939
Baleares	1.106.049	555.204	550.845
Canarias	2.118.519	1.058.706	1.059.813
Cantabria	592.250	289.931	302.319
Castela e León	2.559.515	1.268.860	1.290.655
Castela-A Mancha	2.098.373	1.059.149	1.039.224
Cataluña	7.512.381	3.724.515	3.787.866
C. Valenciana	5.111.706	2.542.949	2.568.757
Extremadura	1.107.220	549.721	557.499
Galicia	2.797.653	1.350.547	1.447.106
A Coruña	1.146.458	551.318	595.140
Lugo	353.504	171.983	181.521
Ourense	335.219	161.346	173.873
Pontevedra	962.472	465.900	496.572
Madrid	6.458.684	3.124.438	3.334.246
Murcia	1.461.979	738.627	723.352
Navarra	636.924	318.423	318.501
País Vasco	2.178.339	1.064.708	1.113.631
A Ríoxa	322.415	161.884	160.531
Ceuta	80.579	41.269	39.310
Melilla	76.034	38.819	37.215
Total	47.021.031	23.226.185	23.794.846
Galicia / España (%)	5,95	5,81	6,08

Fonte: INE

Os datos do Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2011 indican que nas 24 comarcas englobadas na denominada Galicia occidental-coste (Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Santiago, O Sar, Terra de Soneira e Xallas na provincia de A Coruña. A Mariña, Central, Occidental e Oriental na provincia de Lugo e O Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo na provincia de Pontevedra), residían 1.984.707 habitantes, un 0,1% máis que no ano precedente (2.215 habitantes máis), o que representa o 71% da poboación galega.

Pola contra, nas 29 comarcas restantes volve a descender a poboación residente (4.446 empadroados menos), acadando os 810.715 habitantes segundo os datos a 1 de xaneiro de 2011.

Poboación de dereito nas CC.AA. 2010-11

Hab./Km2	2011				11/10					
	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(%)	(número)	(%)	(número)	(%)	(número)	(%)	(número)	(%)	(número)
95,6	8.424.102	4.169.634	4.254.468	96,2	0,6	53.127	0,6	24.778	0,7	28.349
28,2	1.346.293	671.286	675.007	28,2	-0,1	-802	-0,3	-1.891	0,2	1.089
102,3	1.081.487	518.571	562.916	102,0	-0,3	-2.854	-0,4	-1.831	-0,2	-1.023
221,6	1.113.114	557.577	555.537	223,0	0,6	7.065	0,4	2.373	0,9	4.692
284,5	2.126.769	1.061.591	1.065.178	285,6	0,4	8.250	0,3	2.885	0,5	5.365
111,3	593.121	289.872	303.249	111,5	0,1	871	0,0	-59	0,3	930
27,2	2.558.463	1.267.671	1.290.792	27,2	0,0	-1.052	-0,1	-1.189	0,0	137
26,4	2.115.334	1.066.598	1.048.736	26,6	0,8	16.961	0,7	7.449	0,9	9.512
233,9	7.539.618	3.732.196	3.807.422	234,8	0,4	27.237	0,2	7.681	0,5	19.556
219,8	5.117.190	2.541.780	2.575.410	220,0	0,1	5.484	0,0	-1.169	0,3	6.653
26,6	1.109.367	550.864	558.503	26,6	0,2	2.147	0,2	1.143	0,2	1.004
94,6	2.795.422	1.349.591	1.445.831	94,5	-0,1	-2.231	-0,1	-956	-0,1	-1.275
144,2	1.147.124	551.476	595.648	144,3	0,1	666	0,0	158	0,1	508
48,6	351.530	170.854	180.676	48,3	-0,6	-1.974	-0,7	-1.129	-0,5	-845
34,0	333.257	160.570	172.687	33,8	-0,6	-1.962	-0,5	-776	-0,7	-1.186
214,1	963.511	466.691	496.820	214,4	0,1	1.039	0,2	791	0,0	248
797,6	6.489.680	3.132.844	3.356.836	801,4	0,5	30.996	0,3	8.406	0,7	22.590
129,2	1.470.069	741.581	728.488	129,9	0,6	8.090	0,4	2.954	0,7	5.136
61,3	642.051	320.656	321.395	61,8	0,8	5.127	0,7	2.233	0,9	2.894
301,1	2.184.606	1.066.872	1.117.734	301,9	0,3	6.267	0,2	2.164	0,4	4.103
63,9	322.955	161.582	161.373	64,0	0,2	540	-0,2	-302	0,5	842
4.241,0	82.376	42.165	40.211	4.335,6	2,2	1.797	2,2	896	2,3	901
5.848,8	78.476	40.256	38.220	6.036,6	3,2	2.442	3,7	1.437	2,7	1.005
92,9	47.190.493	23.283.187	23.907.306	93,3	0,4	169.462	0,2	57.002	0,5	112.460
	5,92	5,80	6,05							

■ 1.4.1.

Son once as comarcas galegas nas que medra a poboación no ano 2011, como se pode apreciar no **cadro 1.4.2.**, e a maioría delas pertencen á franxa costeira, constatando o despoboamento da Galicia interior.

Nos 58 concellos galegos con máis de 10.000 habitantes existentes en Galicia, reside o 69,4% da poboación galega (1.940.283 persoas). Os datos do Padrón municipal de habitantes reflicten que en Galicia continúa o proceso de abandono dos núcleos rurais, xa que mentres que a poboación nos concellos con máis de 10.000 habitantes medra en 21.357 persoas, a Galicia rural acolle no derradeiro ano un total de 855.139 persoas, 23.588 habitantes menos que no ano anterior.

Oito de cada dez pontevedreses residen en núcleos de máis de dez mil habitantes, sendo

esta relación de sete de cada dez no caso dos empadroados na provincia de A Coruña. Pola contra, nas provincias de Ourense e Lugo menos da metade dos habitantes viven nestes núcleos de poboación (o 48,4% e 49,1% dos habitantes, respectivamente).

A un de xaneiro de 2011, a poboación empadroadada nas sete grandes cidades galegas é de 999.848 persoas, o 35,8% da poboación galega, permanecendo constante con respecto ao 2010, xa que só se rexistrou unha redución de 74 habitantes. Destas sete grandes cidades de Galicia, Ferrol, Ourense e A Coruña rexistraron unha caída da súa poboación, cunha redución de 675, 671 e 19 habitantes menos respectivamente entre o 1 de xaneiro de 2010 e 2011. Pola contra, os incrementos poboacionais déronse en Pontevedra, Santiago, Lugo e Vigo, con 419, 383, 372 e 117 habitantes máis, respectivamente (**cadro 1.4.4.**).

Poboación de dereito nas comarcas 2010-11 ⁽¹⁾

	2010			2011			11/10	
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres		
A Coruña	1.146.458	551.318	595.140	1.147.124	551.476	595.648	0,1	666
Arzúa	17.549	8.730	8.819	17.364	8.640	8.724	-1,1	-185
Barbanza	68.264	33.523	34.741	68.311	33.570	34.741	0,1	47
A Barcala	11.349	5.443	5.906	11.179	5.367	5.812	-1,5	-170
Bergantiños	70.246	34.391	35.855	70.209	34.367	35.842	-0,1	-37
Betanzos	39.621	19.443	20.178	39.632	19.469	20.163	0,0	11
A Coruña	395.412	187.797	207.615	396.864	188.430	208.434	0,4	1.452
Eume	26.719	13.205	13.514	26.391	13.006	13.385	-1,2	-328
Ferrol	162.980	78.174	84.806	162.531	77.981	84.550	-0,3	-449
Fisterra	23.744	11.589	12.155	23.677	11.545	12.132	-0,3	-67
Muros	14.608	7.056	7.552	14.399	6.943	7.456	-1,4	-209
Noia	35.832	17.359	18.473	35.623	17.276	18.347	-0,6	-209
Ordes	38.734	19.000	19.734	38.683	18.943	19.740	-0,1	-51
Ortegal	14.364	6.969	7.395	14.347	6.960	7.387	-0,1	-17
Santiago	161.893	76.845	85.048	163.576	77.615	85.961	1,0	1.683
O Sar	16.938	8.111	8.827	16.814	8.035	8.779	-0,7	-124
Terra de Melide	13.294	6.674	6.620	13.137	6.586	6.551	-1,2	-157
Terra de Soneira	19.649	9.656	9.993	19.426	9.543	9.883	-1,1	-223
Xallas	15.262	7.353	7.909	14.961	7.200	7.761	-2,0	-301
Lugo	353.504	171.983	181.521	351.530	170.854	180.676	-0,6	-1.974
Os Ancares	11.837	6.227	5.610	11.612	6.121	5.491	-1,9	-225
Chantada	15.019	7.307	7.712	14.835	7.222	7.613	-1,2	-184
A Fonsagrada	6.152	3.217	2.935	6.043	3.158	2.885	-1,8	-109
Lugo	120.328	57.092	63.236	120.548	57.191	63.357	0,2	220
A Mariña Central	30.701	15.011	15.690	30.530	14.939	15.591	-0,6	-171
A Mariña Occidental	27.454	13.558	13.896	27.238	13.397	13.841	-0,8	-216
A Mariña Oriental	17.322	8.324	8.998	17.231	8.267	8.964	-0,5	-91
Meira	5.748	2.856	2.892	5.698	2.820	2.878	-0,9	-50
Quiroga	6.097	3.011	3.086	6.020	2.973	3.047	-1,3	-77
Sarria	24.697	12.231	12.466	24.511	12.127	12.384	-0,8	-186
Terra Chá	44.642	21.969	22.673	44.081	21.701	22.380	-1,3	-561
Terra de Lemos	33.351	16.103	17.248	33.133	15.936	17.197	-0,7	-218
A Ulloa	10.156	5.077	5.079	10.050	5.002	5.048	-1,0	-106
Ourense	335.219	161.346	173.873	333.257	160.570	172.687	-0,6	-1.962
Allariz-Maceda	15.155	7.483	7.672	15.151	7.502	7.649	0,0	-4
Baixa Limia	8.519	4.151	4.368	8.421	4.114	4.307	-1,2	-98
O Carballiño	29.407	13.975	15.432	29.240	13.933	15.307	-0,6	-167
A Limia	23.375	11.525	11.850	23.252	11.487	11.765	-0,5	-123
Ourense	146.626	69.072	77.554	146.165	68.848	77.317	-0,3	-461
O Ribeiro	19.072	9.194	9.878	18.861	9.115	9.746	-1,1	-211
Terra de Caldelas	3.650	1.837	1.813	3.544	1.789	1.755	-2,9	-106
Terra de Celanova	20.812	9.911	10.901	20.623	9.831	10.792	-0,9	-189
Terra de Trives	4.878	2.473	2.405	4.789	2.412	2.377	-1,8	-89
Valdeorras	28.217	13.914	14.303	27.999	13.811	14.188	-0,8	-218
Verín	28.596	14.284	14.312	28.410	14.223	14.187	-0,7	-186
Viana	6.912	3.527	3.385	6.802	3.505	3.297	-1,6	-110
Pontevedra	962.472	465.900	496.572	963.511	466.691	496.820	0,1	1.039
O Baixo Miño	51.062	25.076	25.986	51.116	25.130	25.986	0,1	54
Caldas	35.411	17.181	18.230	35.322	17.162	18.160	-0,3	-89
O Condado	43.135	21.151	21.984	43.318	21.295	22.023	0,4	183
Deza	44.769	21.996	22.773	44.355	21.760	22.595	-0,9	-414
O Morrazo	83.509	41.411	42.098	83.669	41.536	42.133	0,2	160
A Paradanta	16.199	7.922	8.277	15.970	7.815	8.155	-1,4	-229
Pontevedra	123.733	59.049	64.684	124.356	59.504	64.852	0,5	623
O Salnés	111.763	54.306	57.457	111.849	54.317	57.532	0,1	86
Taboíros-Terra de Montes	28.235	13.394	14.841	28.100	13.379	14.721	-0,5	-135
Vigo	424.656	204.414	220.242	425.456	204.793	220.663	0,2	800
Total	2.797.653	1.350.547	1.447.106	2.795.422	1.349.591	1.445.831	-0,1	-2.231

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: IGE

■ 1.4.2.

Poboación residente en núcleos de máis de 10.000 habitantes 2010-11⁽¹⁾

	2010		2011		11/10		Concellos >10.000 habs.
		(% / total provincial)		(% / total provincial)		(%)	
Total	1.918.926	68,6	1.940.283	69,4	21.357	1,1	58
A Coruña	804.894	70,2	810.435	70,6	5.541	0,7	22
Lugo	161.407	45,7	172.551	49,1	11.144	6,9	6
Ourense	160.621	47,9	161.232	48,4	611	0,4	5
Pontevedra	792.004	82,3	796.065	82,6	4.061	0,5	25

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: IGE

■ 1.4.3.

Poboación das sete grandes cidades 2007-11⁽¹⁾

	2007	2008	2009	2010	2011	11/10	
						(%)	(total)
Total	989.294	993.124	998.749	999.922	999.848	0,0	-74
Vigo	294.772	295.703	297.332	297.124	297.241	0,0	117
A Coruña	244.388	245.164	246.056	246.047	246.028	0,0	-19
Ourense	107.186	107.057	107.742	108.673	108.002	-0,6	-671
Lugo	93.853	95.416	96.678	97.635	98.007	0,4	372
Santiago	93.712	94.339	95.092	94.824	95.207	0,4	383
Pontevedra	80.202	80.749	81.576	81.981	82.400	0,5	419
Ferrol	75.181	74.696	74.273	73.638	72.963	-0,9	-675
7 cidades / Galicia (%)	35,8	35,8	35,7	35,7	35,8		

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: INE

■ 1.4.4.

• Poboación estranxeira empadroada

O último ano presentou un crecemento similar ao anterior no que se refire ao número de estranxeiros empadroados en Galicia, que se sitúa nos 110.468 habitantes, o 4% da poboación galega empadroada o 1 de xaneiro de 2011 (no conxunto do Estado representa o 12,2%).

Comparado co ano anterior, a poboación estranxeira medra en Galicia en 798 persoas, polo que este incremento compensa unha parte da perda de poboación que sofre Galicia ao longo do ano 2011; o peso da poboación estranxeira no total de poboación galega pasa do 3,9% no ano 2010 ao xa citado 4% no ano 2011.

A poboación estranxeira medra un 0,7% respecto aos datos do Padrón do ano 2010, sendo esta medra do 0,68% no caso dos homes (383 máis) e do 0,76% no das mulleres (415 máis). O **cadro**

1.4.5. indica que Galicia acolle o 1,9% dos estranxeiros empadroados en España, mentres que a poboación galega representa o 5,9% da poboación española.

Pontevedra continúa a ser a provincia que acolle o maior número de estranxeiros, con 39.914 persoas, seguida inmediatamente por A Coruña, cun total de 39.302 estranxeiros. Dos datos dos últimos padróns municipais de habitantes, en termos absolutos, os maiores incrementos rexistráronse en Lugo e A Coruña, con 326 e 313 persoas máis, respectivamente.

No que atinxe ao seu peso relativo na poboación total empadroada, o 5% da poboación empadroada en Ourense é estranxeira, sendo esta porcentaxe do 4,1% en Pontevedra e en Lugo, e do 3,4% en A Coruña. Lugo segue sendo a provincia co menor número de estranxeiros empadroados,

Poboación estranxeira residente e poboación total en Galicia e España a 1 de xaneiro de 2011

	Estranxeiros			Poboación total			Estranxeiros / total
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	(%)
España	5.751.487	2.998.707	2.752.780	47.190.493	23.283.187	23.907.306	12,2
Galicia	110.468	55.606	54.862	2.795.422	1.349.591	1.445.831	4,0
A Coruña	39.302	18.810	20.492	1.147.124	551.476	595.648	3,4
Lugo	14.502	7.535	6.967	351.530	170.854	180.676	4,1
Ourense	16.750	8.565	8.185	333.257	160.570	172.687	5,0
Pontevedra	39.914	20.696	19.218	963.511	466.691	496.820	4,1
(%)							
Galicia / España	1,9	1,9	2,0	5,9	5,8	6,0	
A Coruña / Galicia	35,6	33,8	37,4	41,0	40,9	41,2	
Lugo / Galicia	13,1	13,6	12,7	12,6	12,7	12,5	
Ourense / Galicia	15,2	15,4	14,9	11,9	11,9	11,9	
Pontevedra / Galicia	36,1	37,2	35,0	34,5	34,6	34,4	

Fonte: INE

1.4.5.**Poboación residente 2011: distribución segundo nacionalidade e orixe**

	Total	Nacionalidade española	Nacionalidade non española
Total	2.795.422	2.684.954	110.468
Europa	2.664.821	2.620.335	44.486
África	14.116	2.644	11.472
América	111.425	60.679	50.746
América Central e Caribe	14.944	7.770	7.174
América do Norte	7.147	5.615	1.532
América do Sur	89.334	47.294	42.040
Asia	4.677	1.050	3.627
Oceanía	383	246	137

Fonte: INE

1.4.6.

con 14.502 persoas (326 máis que o un de xaneiro de 2010).

O 45,9% do total de residentes estranxeiros en Galicia proceden do continente americano e o 40% son europeos, repartíndose o 14% restante entre africanos, asiáticos e procedentes de Oceanía.

O 19,9% dos estranxeiros empadroados en Galicia son de nacionalidade portuguesa, o 9,8% procede de Brasil e o 7,6%, de Colombia. Así mesmo, salienta o número de estranxeiros de nacionalidade rumana (8.183 persoas).

Atendendo á importancia relativa no conxunto do Estado, cómpre salientar que as persoas de nacionalidade portuguesa residentes en Galicia

representan o 15,6% dos portugueses empadroados en España, sendo estas porcentaxes do 17,1% no caso da comunidade caboverdiana, do 10% no das persoas procedentes de Brasil e do 8,3% no caso das persoas de nacionalidade uruguaia. É de destacar que dos 1.346 estranxeiros procedentes de Indonesia, o 36,8% (496) residen en Galicia, aínda que so representan o 0,4% dos estranxeiros residentes na comunidade.

De xeito semellante á distribución da poboación galega, tal como se sinalou anteriormente, máis do 70% dos estranxeiros empadroados en Galicia residen nas provincias de Pontevedra e A Coruña (71,7% da poboación foránea). Cómpre salientar a importancia relativa dos portugueses en

Nupcialidade, natalidade e mortalidade nas CC.AA. 2010-11

	Nupcialidade		Natalidade		Mortalidade	
	xuño'09 / xuño'10	xuño'10 / xuño'11	xuño'09 / xuño'10	xuño'10 / xuño'11	xuño'09 / xuño'10	xuño'10 / xuño'11
			(taxas por 1000 habs.)			
Andalucía	3,79	3,51	11,30	11,21	7,98	8,00
Aragón	3,46	3,41	9,68	9,72	10,16	10,18
Asturias	4,11	3,85	7,48	7,43	12,16	12,03
Baleares	3,93	3,83	10,90	10,92	7,13	7,16
Canarias	2,97	2,64	9,14	8,74	5,85	6,52
Cantabria	4,54	3,98	9,88	9,27	9,53	9,76
Castela e León	3,38	3,21	8,13	8,13	10,87	10,98
Castela - A Mancha	3,78	3,55	10,79	10,74	8,77	8,74
Cataluña	3,82	3,70	11,54	11,42	8,26	8,20
C. Valenciana	3,74	3,43	10,41	10,33	7,97	8,26
Extremadura	3,78	3,40	9,28	9,24	9,85	10,00
Galicia	3,54	3,46	8,09	8,02	11,10	11,02
Madrid	3,90	3,90	11,63	11,38	6,62	6,55
Murcia	3,63	3,36	12,62	12,16	6,96	6,96
Navarra	4,00	3,57	10,79	10,88	8,26	8,23
País Vasco	3,96	3,92	9,65	9,92	9,11	9,27
A Ríoxa	3,64	3,44	10,46	10,81	9,05	8,94
Ceuta	5,17	5,48	16,07	15,10	7,32	6,98
Melilla	5,83	5,23	18,30	18,63	5,77	6,07
Total	3,75	3,57	10,57	10,46	8,35	8,40

Fonte: INE

■ 1.4.7.

Ourense, xa que o 41,5% dos estranxeiros empadroados nesa provincia proveñen de Portugal. Así mesmo o 14,1% dos caboverdianos residentes en España, están empadroados na provincia de Lugo.

Finalmente, resulta salientable o número de residentes en Galicia, procedentes do estranxeiro, que dispoñen de nacionalidade española. Así, tal e como mostra o **cadro 1.4.6.**, o 53% da poboación procedente de América do Sur e residente en Galicia ten a nacionalidade española, fronte a só o 19% dos residentes procedentes de África ou o 22,4% dos asiáticos, feito que pode estar relacionado coa emigración galega e o retorno da mesma.

Movemento natural da poboación

No primeiro semestre do ano 2011 naceron en Galicia 10.513 nenos e nenas, un 1% menos dos nacementos rexistrados no primeiro semestre do ano anterior, o que representa o 4,5% do total de nacementos nese semestre en España, baixando a taxa de natalidade, calculada entre xuño de

2010 e xuño de 2011, ata o 8,02 nados por cada mil habitantes.

As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan o maior número de nacementos, con 4.500 e 3.958, respectivamente no primeiro semestre do ano, acollendo en conxunto o 80,4% do total galego.

Tal como acontece no conxunto do Estado, no primeiro semestre do ano Galicia presenta un incremento no número de defuncións en relación ao mesmo semestre do ano anterior, que se sitúa en 15.666 falecementos, 414 máis que no primeiro semestre de 2010, o que representa o 7,7% do total de defuncións habidas en España no citado período. Os datos recollidos no **cadro 1.4.8.** amosan que este incremento no número de falecementos prodúcese nas catro provincias galegas, sendo máis significativo nas provincias de A Coruña e Pontevedra, onde se rexistraron 169 e 149 falecementos máis, respectivamente.

A taxa de mortalidade entre xuño de 2010 e xuño

Matrimonios, nacementos, defuncións e crecemento vexetativo en Galicia e España 2010-11⁽¹⁾

	Matrimonios		Nacementos		Defuncións		Crecemento vexetativo	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011
Galicia	3.745	3.425	10.615	10.513	15.252	15.666	-4.637	-5.153
A Coruña	1.663	1.474	4.578	4.500	5.977	6.146	-1.399	-1.646
Lugo	403	370	1.055	1.089	2.513	2.557	-1.458	-1.468
Ourense	342	331	1.009	966	2.399	2.451	-1.390	-1.485
Pontevedra	1.337	1.250	3.973	3.958	4.363	4.512	-390	-554
España	74.690	70.524	233.737	231.294	194.924	202.454	38.813	28.840

(1) datos correspondentes ó primeiro semestre de cada ano
 Fonte: INE

■ 1.4.8.

de 2011 descendeu no conxunto de Galicia ata as 11,02 defuncións por cada mil habitantes (11,1 no período anterior), moi por riba das 8,4 defuncións por cada mil habitantes do conxunto do Estado. Una vez máis Galicia sitúase entre as comunidades autónomas coa rateo máis elevada, tan só superada por Asturias, con 12,03 falecementos por cada mil habitantes.

A evolución dos nacementos e das defuncións explica a evolución do crecemento vexetativo. Galicia non só presenta a segunda taxa de mortalidade máis elevada, tras Asturias, ou a segunda máis baixa no caso da taxa bruta de natalidade, tamén tras Asturias, senón que ademais segue sendo a comunidade co saldo vexetativo negativo máis elevado. Mentres que no conxunto do Estado no primeiro semestre do ano 2011, o saldo é positivo (28.840), aínda que inferior ao do primeiro semestre do ano anterior, Galicia presenta un novo valor negativo (-5.153); as catro provincias galegas presentan un saldo vexetativo negativo, destaca o caso da provincia de A Coruña, onde no primeiro semestre do ano 2011 producíronse 1.646 defuncións máis que nacementos. ■

1.5.

Proceso de converxencia

Os indicadores de converxencia das Comunidades Autónomas publicados en decembro de 2011 polo *Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas* mostran como a actividade produtiva da economía de Galicia experimentou ao longo do período 2000-2010 unha taxa de crecemento medio anual similar á media española, situándose a medra media anual acumulativa da poboación e do emprego por baixo da media española.

Tras esta evolución, nos últimos catro anos, o **cadro 1.5.1.** amosa a estabilidade da importancia relativa da poboación galega no total estatal, manténdose a participación do PIB a prezos de mercado (prezos correntes). Tendo en conta a caída da ocupación no conxunto do Estado e en Galicia, no ano 2011, continúa a tendencia iniciada no ano anterior e diminúe de novo o peso relativo do emprego.

En termos do PIB per cápita, a economía galega rexistra ao longo dos últimos anos un proceso de converxencia á media española e europea (UE-27). Este indicador sitúase no 90,7% da media


española, trece puntos porcentuais por riba do valor do ano 2000.

En relación á media dos vinte e sete países europeos (UE=100), o PIB nominal por habitante acadou en 2009 (último dato dispoñible) un valor do 93%, situándose este indicador nos 103 puntos no conxunto do Estado.

Converxencia coa media estatal

A economía galega experimentou no ano 2011 un incremento inferior á media española, cun crecemento real do seu PIB a prezos de mercado do 0,3%, mentres que o rexistrado no conxunto do Estado foi do 0,7%.

O indicador PIB rexionalizable per cápita amosa que no último ano estabilízase o proceso de converxencia coa media española. En 2011, este indicador acada os 90,7 puntos (España=100), unha décima menos que o rexistrado no ano anterior. Comparado coa situación do ano 2000, o PIB por habitante medra dende o 77,7% da

Participación da produción⁽¹⁾, a poboación e o emprego ⁽²⁾ galegos no total español 2003-11

(1) PIB a prezos de mercado. Prezos correntes (30-03-2012)

(2) poboación afiliada á Seguridade Social

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia

■ 1.5.1.

Converxencia das CC.AA. en termos de PIB por habitante fronte a España e a UE

	2009	2010	2011	11/00	11/10	2008	2009	09/08
	(media España=100)			(variación absoluta)		(media UE-27=100)		
	(1)	(2)	(3)					(variación absoluta)
Andalucía	76,6	76,4	75,6	1,9	-0,8	73	74	1
Aragón	110,0	111,0	111,4	6,8	0,4	106	107	1
Asturias	92,9	94,1	94,4	10,9	0,3	89	90	1
Baleares	106,2	105,7	105,6	-17,5	0,0	102	103	1
Canarias	84,7	84,5	85,1	-9,7	0,6	82	82	0
Cantabria	96,9	97,8	98,8	5,3	1,0	92	94	2
Castela e León	95,8	98,0	99,5	9,0	1,5	90	93	3
Castela-A Mancha	80,9	80,4	79,8	1,2	-0,6	78	79	1
Cataluña	116,4	116,9	117,9	-4,0	1,0	111	113	2
C. Valenciana	88,4	88,8	88,4	-8,0	-0,3	87	86	-1
Extremadura	69,8	70,2	69,4	5,7	-0,8	65	68	3
Galicia	89,8	90,8	90,7	13,0	0,0	85	87	2
Madrid	131,7	128,6	127,8	-8,2	-0,9	124	128	4
Murcia	83,7	83,6	82,3	-1,6	-1,3	82	81	-1
Navarra	126,0	128,0	129,2	1,9	1,3	120	122	2
País Vasco	130,3	132,1	134,5	11,9	2,3	124	127	3
A Ríoxa	109,5	111,0	112,3	-1,6	1,3	106	106	0
Ceuta	90,9	88,4	86,1	1,0	-2,3	84	88	4
Melilla	83,8	81,6	79,3	-5,1	-2,3	78	81	3
Total						95	97	2


(1) provisional

(2) avance

(3) primeira estimación

Fonte: INE e Eurostat

■ 1.5.2.



1.5.3.

media estatal ata o devandito 90,7%. Esta converxencia prodúcese fundamentalmente pola caída do peso poboacional de Galicia, xa que o peso porcentual do PIB a prezos de mercado de Galicia no total estatal mantense estable no 5,4%.

Tras esta evolución, Galicia mantense como a sétima comunidade autónoma co menor valor do PIB rexionalizable, tan só por riba do rexistrado en Estremadura (69,4% do valor español), Andalucía (75,6%), Castela-A Mancha (79,8%), Murcia (82,3%), Canarias (85,1%) e C. Valenciana (88,4%).

dura (68%), Andalucía (74%), Castela-A Mancha (79%), Murcia (81%), Canarias (82%) e a Comunidade Valenciana (86%).

Os datos recollidos no **cadro 1.5.2.** indican que o proceso de converxencia non se produciu coa mesma intensidade nas distintas comunidades autónomas. No caso galego, o PIB per cápita mellora en 12 puntos entre os anos 2000 e 2009 no que respecta á UE-27. ■

Converxencia coa media europea

O produto interior bruto por habitante en Galicia experimentou no 2009 (último ano dispoñible) un lixeiro incremento en relación ao ano anterior, acadando un PIB per cápita equivalente ao 87% da media da UE-27 (97% no conxunto do Estado). Comparado co resto das CC.AA., Galicia pasa a ser a sétima comunidade co menor índice, superando novamente a Estrema-

